

DIPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de marzo de 2019**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 29 de marzo de 2019, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

* Declaración institucional sobre a retirada de honras e distincións a persoas vencelladas ao levantamento militar de 1936 e ao franquismo

Actas

1.-Toma de posesión do deputado do Partido Socialista, don Francisco Javier Boquete Cambón.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, número 2/2019 do 1 de marzo.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia dende o día 26 de febreiro de 2019 ata o 25 de marzo de 2019.

4.-Proposición da Presidencia sobre ratificación da Resolución da Presidencia sobre recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

5.- Concesión da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2018 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Deportes e Mocidade

6.- Modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bergantiños FC, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

7.-Concesión de subvención nominativa ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social especializada no ano 2019 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

8.-Concesión de subvención nominativa á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida CASCO para cofinanciar o Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2019 e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

9.-Aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para financiar o proxecto “Adquisición dun ben inmovible para o seu uso como espazo de traballo colaborativo COWORKING)” no marco do Plan de emprego local da Deputación da Coruña (PEL) 2016-2019

10.-Aprobación da posta en marcha do proxecto "PEL emprego sostible no ámbito rural".

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

11.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2019, segunda fase: rehabilitación do firme DP 2405, P.K. 6+000, 6+600 (Ordes)

12.- Aprobación técnica dos proxectos incluídos no Plan de investimento en vías provinciais 2019, segunda fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

13.-Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica e aprobación definitiva da cesión de uso dunha parte do inmovible Fogar Infantil Emilio Romay a favor da FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS, para destinalo aos fins educativos propios da referida entidade.

14.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e Concello de ZAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de renovación de beirarrúas en Baio-c-552 á Coruña - Fisterra T.M de Zas.

15.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARRAL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da seguridade viaria.

16.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARBALLO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da seguridade viaria nos pasos de peóns no casco urbano de Carballo.

17.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CEDEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da subministración para a remodelación da área expositiva do castelo da Concepción.

18.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BOIMORTO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma da estrada municipal no lugar do Piñeiro e Horros.

19.-Aprobación da rectificación do inventario da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao ano 2018.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

20.- Aprobación do segundo proxecto modificado da obra "Acondicionamento de parcela no lugar do Forte para parque móbil" do Concello de Boqueixón incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase (código 2015.3110.0418.0)

21.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Melloras en edificios municipais en Lestedo e outros” do Concello de Boqueixón incluída no Plan de acción social (PAS) adicional 1/2015 co código 2015.3111.0509.0

22.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reafirmado vial San Juan Fondal e camiño en Bollo” do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0751.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

23.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2019.

24.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2019.

25.-Dar conta da liquidación consolidada do orzamento do exercicio 2018 da Deputación Provincial da Coruña e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

26.-Dar conta do plan orzamentario a medio prazo 2020-2022.

27.-Dar conta do protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na administración local de Galicia.

28.-Aprobación e formalización dun convenio de cooperación entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña de colaboración en materia de Xestión Catastral.

29.-Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza núm. 14, reguladora do prezo público pola utilización do pazo de Mariñán.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a M ^a GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e quince minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO SOCIALISTA, DON FRANCISCO JAVIER BOQUETE CAMBÓN.

Sr. Secretario

Na Secretaría Xeral desta Deputación provincial consta a credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial D. Francisco Javier Boquete Cambón en substitución por renuncia de don José García Liñares e tras a elección realizada neste mesmo salón de sesións do Pazo provincial o pasado día 14, por primeira vez por certo na historia desta institución, en cumprimento de acordo singular da Xunta Electoral Central por esgotamento previo da listaxe de candidatos e suplentes do Partido Socialista na zona da Coruña. Nesta elección, dos 36 concelleiros electores asistiron 29, que votaron unanimemente a prol da listaxe na que figura don Francisco Javier Boquete Cambón como deputado, máis tres suplentes.

Don Francisco Javier Boquete Cambón formulou declaración sobre as causas de posible incompatibilidade, sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionan ou lle poden proporcionar ingresos económicos, reúne polo tanto os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial, previa prestación do preceptivo xuramento ou promesa.

Sr. Presidente

Pode entrar o deputado electo no salón de sesións para a toma de posesión do seu cargo, prestando o preceptivo xuramento ou promesa.

Rogo aos señores deputados e señoras deputadas que se poñan en pé.

Don Francisco Javier Boquete Cambón toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

Sr. presidente

Damos a benvida, polo tanto, a Francisco Javier Boquete Cambón, esperando que este período sexa unha boa experiencia no persoal e boa a súa achega ao interese xeral da provincia. Procedemos á declaración institucional sobre a retirada de honras e distincións a persoas vinculadas ao levantamento militar de 1936 e ao franquismo.

Sr. Secretario

Esta declaración está asinada polos portavoces de todos os Grupos desa Corporación, Grupo Alternativa dos Veciños, Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, Partido Socialista de Galicia-PSOE, e Partido Popular, e di así:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A RETIRADA DE HONRAS E DISTINCIÓNS A PERSOAS VENCELLADAS AO LEVANTAMENTO MILITAR DE 1936 E AO FRANQUISMO

Dando continuidade á Declaración Institucional do pleno da Deputación da Coruña do 29 de xullo de 2016 sobre a retirada dos títulos honoríficos e distincións concedidas por esta institución a Francisco Franco Baamonde e dando igualmente cumprimento á lei da memoria histórica 52/2007, de 26 de decembro, a Deputación da Coruña declara a vontade de revocar todas as honras e distincións concedidas pola Deputación provincial da Coruña a persoas vencelladas con feitos e prácticas represivas realizadas durante o golpe de Estado de xullo de 1936 e a ditadura franquista, así como á retirada de simboloxía propia dese réxime antidemocrático nos edificios pertencentes á institución provincial.

Ante esta situación, todos os grupos políticos que compoñen a Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordan:

- 1.- Proceder ao longo de 2019 a aprobar un novo Regulamento de Honras e Distincións.
- 2.- Elaborar un catálogo de honras, distincións e simboloxía franquista.
- 3.- Incoar o correspondente expediente, seguindo os procedementos oportunos para invalidar todas as distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e demais formas de exaltación de persoas vencellas ao levantamento militar do 36 e á represión da ditadura, así como para eliminar a simboloxía franquista nos edificios pertencentes á institución provincial.

2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, NÚMERO 2/2019 DO 1 DE MARZO.

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 2/2019, do 1 de marzo.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DENDE O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2019 ATA O 25 DE MARZO DE 2019.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o día 26 de febreiro de 2019 ata o día 25 de marzo de 2019.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA ACORDO PLENARIO.

Vótase a ratificación da inclusión na orde do día, que é aprobada por unanimidade, e seguidamente vótase a proposición, e apróbase tamén por unanimidade, a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LBRL], atribúe ao Presidente da Deputación o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Deputación, mesmo nas materias da competencia do Pleno en caso de urxencia, dando conta ao mesmo Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar, unha vez tomado coñecemento dela, a seguinte Resolución da Presidencia desta Deputación:

- Resolución da Presidencia núm. 9639, do 14 de marzo de 2019, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 104/2019, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos de Santiago de Compostela, sobre Relación de postos de traballo."

5.- CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE DURANTE O ANO 2018 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **144.000 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro*

Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2018, cun orzamento subvencionado de 183.337,82 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2019.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2018.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m² na planta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi suscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- O 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo a citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado

a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, con CIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2018**.

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, departamento de servizos sociais, departamento de xuventude, dirección e xestión da rede de centros socioculturais, biblioteca infantil e xuvenil e zona expositiva.

No Centro desenvólense as seguintes actividades:

1.- Cursos formativos:

- Anuais: ioga terapéutico, club de lectura, club de xadrez, club de teatro infantil e de adultos.
- Trimestrais: cidadanía dixital.
- Monográficos de novas tecnoloxías.
- Obradoiros de novas tecnoloxías, sábados de baile express, obradoiro de costura express, achegamento ao ioga, cosmética natural, envío de arquivos por correo electrónico, xestión de imaxes e retoque fotográfico.

2.- Actividades complementarias: aula aberta de novas tecnoloxías, encontro de xadrez no Nadal para adultos, conferencias, proxeccións, roteiros pola cidade, circuítos saudables, outras actividades: teatro, concertos e recitais.

3.- Actividades puntuais: Campañas solidarias, Tropa verde, entroido, actividades de verán, samaín, nadal, Campaña contra a SIDA, espectáculo *12 doces de outono*.

4.- Actividades sociais ou de relación coa veciñanza: venres en familia, xogos populares na Praza Roxa, colaboración nas festas das asociacións de veciños

5.- Actividades da rede de centros: exposicións, programa de excursións e viaxes, visitas culturais e roteiros, Torneo de xadrez interxeneracional, visitas aos museos.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal

3 uxieres	71.405,24.-
2 animadores socioculturais	79.822,88.-
1 auxiliar administrativo	32.109,70.-

Total **183.337,82 €**

Poderanse incluír como xustificación dos gastos facturas de mantemento e subministracións para limpeza, no caso de que fose necesario.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **144.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 78,544 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,544 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2017.

* **Orzamento do Concello para o Exercicio 2018**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita pola técnica responsable da Rede de Centros Socioculturais coa conformidade da concelleira de Políticas sociais, Diversidades e saúde e Centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitíralle

un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O BERGANTIÑOS FC, POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DA PARTICIPACIÓN DE 11 EQUIPOS EN COMPETICIÓN FEDERADA DURANTE O ANO 2017.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bergantiños F.C., polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017, por existir un erro de transcripción no texto aprobado, nos seguintes termos:

Onde di:

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Bergantiños F.C., desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento subvencionable:

CONCEPTO	IMPORTE
Arbitraxes	18.785,00 €
Mutualidade	7.848,00 €
Sancións deportivas	2.020,00 €
Contratacións externas - servizo de fisioterapia	500,00 €
Contratacións externas - bus (desprazamentos a competicións)	16.225,00 €
Avituallamentos (auga, bocadillos e froita en desprazamentos a competicións)	2.150,00 €
Adestradores: axuda desprazamentos a competicións e adestramentos	53.700,00 €
Xogadores equipo sénior: axuda desprazamentos a competicións e adestramentos	98.000,00 €
Aloxamentos: fase de ascenso a segunda división B	2.200,00 €
Contratacións externas - bus (fase de ascenso a segunda división B)	2.000,00 €
Coordinador deportivo, xogadores: nómina bruta e SS	22.852,00 €
Gastos varios (material deportivo seguro RC)	2.761,00 €
Total	229.041,00 €

II.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **3,27%**.

Debe dicir:

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Bergantiños F.C., desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento subvencionable:

CONCEPTO	IMPORTE
Arbitraxes	18.785,00 €
Mutualidade	7.848,00 €
Contratacións externas - bus (desprazamentos a competicións)	16.225,00 €
Aloxamentos: fase de ascenso a segunda división B	2.200,00 €
Contratacións externas - bus (fase de ascenso a segunda división B)	2.000,00 €
Gastos varios (material deportivo seguro RC)	2.761,00 €
Total	49.819,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **15,05%**.

Polo tanto, o texto definitivo do convenio será o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bergantiños F.C., polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do **Bergantiños F.C.**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Bergantiños F.C.**, é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Bergantiños F.C.**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol do **Bergantiños F.C.**, (CIF:G15116775), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento dos **gastos da participación de 11 equipos en competición federada durante o ano 2017.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Bergantiños F.C.**, desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento subvencionable:

CONCEPTO	IMPORTE
Arbitraxes	18.785,00 €
Mutualidade	7.848,00 €
Contratacións externas - bus (desprazamentos a competicións)	16.225,00 €
Aloxamentos: fase de ascenso a segunda división B	2.200,00 €
Contratacións externas - bus (fase de ascenso a segunda división B)	2.000,00 €
Gastos varios (material deportivo seguro RC)	2.761,00 €
Total	49.819,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **15,05%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **15,05 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Bergantiños F.C.**, obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Bergantiños F.C.**

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza ao **Bergantiños F.C.**, para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Bergantiños F.C.**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Bergantiños F.C.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Noia Fútbol Sala unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Bergantiños F.C.**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Bergantiños F.C.**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Bergantiños F.C.**, para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Bergantiños F.C.**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Bergantiños F.C.**, na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Bergantiños F.C.**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Bergantiños F.C.**, deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Bergantiños F.C.**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, **o Bergantiños F.C.**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **o Bergantiños F.C.**, poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **o Bergantiños F.C.**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación

do **Bergantiños F.C.**, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deste datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **ao Bergantiños F.C.**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSORCIO AS MARIÑAS PARA COFINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2019 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000 €, ao Consorcio As Mariñas para cofinanciar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada no ano 2019, cun orzamento subvencionado de 77.955,12 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2019.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio As Mariñas.

EXPOÑEN

Que a Deputación provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaránlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio As Mariñas**, con CIF: P1500011J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantemento do Servizo de asesoría xurídica social especializada no ano 2019**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consortio As Mariñas.

O Consortio As Mariñas desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO NOME DO POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
	SALARIO BASE	PAGA EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	1.551,19 €	258,53 €	1.809,72 €	592,68 €	2.402,40 €	28.828,80 €
ASESOR/A XURIDICO/A	1.551,19 €	258,53 €	1.809,72 €	592,68 €	2.402,40 €	28.828,80 €
AUXILIAR ADMTVO./A	1.097,52 €	182,92 €	1.280,44 €	411,02 €	1.691,46 €	20.297,52 €
TOTAL GASTO						77.955,12 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 76,97 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,97 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio As Mariñas obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio As Mariñas.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio As Mariñas, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Consorcio As Mariñas no 2019*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio As Mariñas do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2018.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2019**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xaneiro de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio As Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio As Mariñas deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio As Mariñas, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

8.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN COMITÉ CIUDADANO ANTI-SIDA CASCO PARA COFINANCIAR O MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA DURANTE O ANO 2019 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 60.000 €, á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida CASCO para cofinanciar o *Mantemento da rede de pisos de acollida* durante o ano 2019, cun orzamento subvencionado de 224.802 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do *Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2019.*

Na Coruña,

REÚNENSE

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación da Asoc. Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

EXPOÑEN

1.- Que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a

actividade de promover e establecer pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

2.- Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración establecida no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO**, con CIF G15279219, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Mantemento da rede de pisos de acollida durante o ano 2019**.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	86.541,27 €
	Seguridade Social	39.612,18 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	67.672,91 €
	Seguridade Social	30.975,64 €
Total		224.802,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 26,69%.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **26,69 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se

inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña_CASCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida-CASCO serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei

orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2019**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña-CASCO, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR O PROXECTO “ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE PARA O SEU USO COMO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO COWORKING)” NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PEL) 2016-2019

INTERVENCÍONS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, Sr. Presidente, bos días.

En primeiro lugar felicitar e desexar o mellor ao novo deputado provincial e, en segundo lugar, e reiterando o posicionamento que tivemos na Comisión, subliñar que o noso voto neste punto vai ser en contra como consecuencia de que non entendemos que se eleve ao Pleno un expediente onde aparece un informe do propio Concello de Ames que acredita que aínda non está aprobado e, polo tanto, non ten dotación orzamentaria esa actuación por parte do Concello. Como é coñecido, no propio expediente figuran os antecedentes, este expediente comeza no ano 18 a través dun procedemento de adxudicación directa por parte do Concello para contar cun espazo para coworking nese concello, a propia Deputación fai unha emenda a ese inicio do expediente por parte do Concello, é certo que no convenio queda recollido claramente que o procedemento será mediante unha adxudicación, mediante un procedemento aberto, cousa que nosoutros coincidimos no seu posicionamento, pero cremos que o lóxico sería agardar a que o Concello de Ames tivera aprobado definitivamente o orzamento do ano 2019 para proceder nese momento á aprobación e, polo tanto, á sinatura do convenio e aos procedementos correspondentes para a adquisición dese espazo. Polo tanto, o noso voto vai ser en contra.

Sr. García García

Bos días a todas e a todos, benvinda ao novo deputado.

Simplemente contestando o que intentamos facer o outro día na Comisión, isto do que se trata é de montar unha rede de espazos de traballo colaborativo ao longo de toda a provincia, e cada un especializándose nas súas cuestións, e dos que todos forman parte para que funcione mellor, ningún dos espazos que se poñen é para os concellos para os que está, senón que é segundo a súa especialidade, para a comarca ou para espazos moito máis amplos. Neste momento temos co Concello da Coruña temos un convenio asinado con eles, e está funcionando, o Concello de Oleiros, o Concello de Carballo, o Concello de Boiro e o Concello de Brión onde a Deputación impulsa a creación de espazos de traballo colaborativo de carácter sectorial. Por exemplo, o de Oleiros está destinado ao sector da arquitectura e

urbanismo, enxeñería e enerxías renovables, o de Carballo a empresas TICS, o de Boiro ao sector do mar, e o de Brión a transformación de produtos do sector primario.

Coa creación desta rede a Deputación o que pretende é establecer un mecanismo de coordinación e colaboración común para prestar servizos de apoio, concretamente co de Ames porase á disposición dos emprendedores e as empresas da comarca uns determinados servizos e infraestruturas físicas de apoio para apoiar o desenvolvemento do proxecto empresarial na fase preliminar.

Está pensado para situar empresas cando dan os seus primeiros pasos, e desde logo, segundo dicía o señor concelleiro que non figuran no orzamento, eu pódolle dicir que queda claro que o Concello de Ames ten o financiamento propio para esta finalidade ben cuberto, xa que consta no expediente de concesión desta subvención nominativa unha certificación da Secretaria do Concello, na que se certifica que xa está aprobado o orzamento municipal do exercicio 2019, e que nel figura unha dotación específica coa seguinte denominación: "Adquisición dun local para destinalo a coworking" con referencia tamén ás dotacións dos exercicios 2020 e 2021. Polo tanto, non temos absolutamente ningunha dúbida diso. Como se compra o local?, esta é unha cuestión que queda perfectamente aclarada no propio texto do convenio que agora se vai someter a votación, e neste consta expresamente na súa cláusula cuarta que: "O Concello de Ames, para a adquisición do ben inmovible, haberá de seguir o procedemento aberto para os efectos de garantir que a mesma se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, recollido no artigo 1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro".

E todas as demais dúbidas que estaban, están aquí absolutamente xustificadas, excepto que haxa outros motivos que non sexan os que están aquí, e que vostede saberá cales son, e se nos os di, ben, e senón, pois non, pero desde logo os que vostedes nos formulaba están absolutamente claros e informados, e sen ningunha dúbida, e aquí está a documentación e teño as certificacións todas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

En primeiro lugar, nós non cuestionamos, nin a rede de centros coworking na provincia, nin por suposto que a Deputación apoie este centro de coworking no Concello de Ames, o que si cuestionamos é o expediente. O expediente aparece todo o procedemento de adxudicación directa, a valoración dun local determinado, a oferta dunha determinada inmobiliaria para poñer a disposición do Concello, mediante un determinado pagamento ese determinado local, todos eses documentos non serían necesarios posto que se o procedemento vai ser a través dunha licitación, o lóxico é que alguén acredite cales son as características do local e a situación incluso, os metros cadrados, a disposición, etc., etc, e logo despois que teña o Concello de Ames a confección dun determinado procedemento de licitación aberto, tal e como determina o convenio, pero o que tamén é certo, Sr. don José Luis, é que neste momento o Concello e Ames non conta co orzamento aprobado, e no expediente o que aparece é unha certificación da Intervención do Concello de Ames que subliña que no caso de aprobarse o orzamento, onde no orzamento aprobado inicialmente si que aparece unha cantidade para facer fronte á achega do Concello de Ames, no caso de que o Concello de Ames presente a liquidación do orzamento de 2018, posto que hai unha anualidade do ano pasado que ten que incorporarse o vindeiro ano, é

dicir, sometido a diferentes condicións, que de cumprirse o Concello de Ames poderá facer fronte a esa achega que recolle o convenio e, polo tanto, o informe de Intervención de Ames está sometido a un futuro. Eu o que digo é que o lóxico é que cando ese futuro sexa realidade, aprobemos neste Pleno o convenio, posto que o convenio vai estar sometido e condicionado a que o Concello de Ames cumpra a aprobación definitiva do orzamento de 2019 e liquide, da forma que previsiblemente liquidará, o orzamento de 2018, para contar con recursos. Namentres non se produzan eses dous feitos o Concello de Ames non poderá cumprir este convenio, e iso está recollido no expediente, tal e como quedou patente na Comisión do martes pasado, e esa é a realidade deste expediente. Polo tanto, se vostedes insisten votaremos, e se se aproba, o que está claro é que non será efectivo ata que o Concello de Ames cumpra o que determina precisamente o informe da Intervención desta casa e o informe da Intervención do Concello de Ames.

Sr. García García

E que a min paréceme perfecto o que está dicindo, o que hai que dicir é todo, si está aprobado o orzamento, está aprobado, pero provisionalmente, claro, está aprobado, e quen ten que mandar a última liquidación é a Deputación, que creo que xa lla mandou, porque a Brión chegou, así que chegaría aos outros sitios. E onde a secretaria fai un informe, e témolo nós aquí, se quere velo, non teño absolutamente ningún inconveniente en ensinarllo, onde di que o Concello de Ames para a adquisición do ben inmovible haberá de seguir o procedemento aberto para os efectos de garantir que a mesma se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións publicitada e transparencia dos procedementos, é dicir, que se vai facer, ten que facerse como se ten que facer. E queda claro que o Concello de Ames ten o financiamento propio para esta finalidade ben cuberto, xa que consta no expediente de concesión desta subvención nominativa unha certificación da secretaria do Concello na que se certifica que xa está aprobado o orzamento municipal do exercicio 2019, e que nel figura unha dotación específica coa seguinte denominación, "Adquisición local para destinalo a coworking, con referencia tamén á dotación dos exercicios 2020 e 2021", é dicir, que ten que ser a compra con publicidade, tal e como se manda desde aquí, e que teñen os cartos, tanto para este ano como para o ano que vén, como para o ano 2021, non comprendo cales son as súas dúbidas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Terá os cartos cando estea aprobado definitivamente o orzamento 2019, porque está aprobado provisionalmente, senón diga que non é así, provisionalmente, aínda non está aprobado definitivamente, e cando liquide, que presente a liquidación en estabilidade e sen problemas contables de 2018, nese momento contará con recursos, agora mesmo non conta, non sei se é así, ou non é así.

Sr. García García

Está aprobado inicialmente, e conta cos votos de todos os Grupos do Concello, excepto do Partido Popular, que lle imos facer, vostede mantén iso e nada máis. Eu creo que é unha rede importante, creo que o PEL demostrou que estaba funcionando, acabamos de ser recoñecidos por Europa, que é o punto seguinte, cunha subvención de catro millóns e medio de euros, que ao mellor pois non lle gusta escoitalo, e que isto forma parte, e non só está garantido, senón que está garantido,

que vostede tamén o sabe ben, que o Concello de Ames foi subvencionado pola EDUSI cunha subvención moi importante, e onde ten a obriga de dedicar unha das partes dos cartos que recibe a colaborar co espazo de traballo colaborativo que imos facer durante quince anos, polo tanto, reúnense as condicións absolutamente todas. E o orzamento non o temos aprobado definitivamente ata que pasa o mes, pero creo que nos pasa a todos os que estamos aquí, e sabemos perfectamente o que iso quere dicir. Eu levo, sinto dicilo, que me dá vergoña, pero por ser tan vello, levo corenta anos de alcalde, e nunca me impugnaron o orzamento, ou sexa que creo que me parece que está aprobado.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:
 - O Concello de Ames, co interese de dinamizar os recursos locais en función da promoción das posibilidades que ofrece o desenvolvemento económico sostible e a creación de emprego no ámbito local, ten como fundamento estratéxico o proceso de fomento da creación de novas empresas e a contribución ao crecemento das pequenas e medianas empresas.
 - Entre os seus fins están:
 - Promover e coordinar os recursos e as potencialidades do Concello de Ames para fomentar o emprego e o desenvolvemento local social.
 - A promoción económica e a mellora da calidade de vida da cidadanía.
 - Apoio ás políticas activas de emprego.
 - Análise e diagnose da realidade socio-económica, coa prospección dos recursos ociosos ou infrautilizados.

- Promoción da formación ocupacional e continua como medios de mellorar a inserción das persoas en activo e desempregada.
 - Promoción da xeración de emprego, facilitando a aproximación das persoas desempregadas ao mercado laboral de forma eficaz.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co **CONCELLO DE AMES**, CIF P-1500200I para financiar o proxecto “Adquisición dun ben inmovible para o seu uso como espazo de traballo colaborativo (COWORKING)” no marco do Plan de emprego local da Deputación da Coruña (PEL) 2016-2019 por importe de 200.000 €, con cargo á partida 0510/24100/76201 o que supón un coeficiente de financiamento do 35,40 % dun orzamento de 564.879,06 €.
 4. Facultar ao Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.
 5. Condicionar o presente acordo a existencia de crédito adecuado e suficiente con que facer fronte ás achegas do concello de Ames previstas no convenio.
 6. O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR O PROXECTO “ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE PARA O SEU USO COMO ESPAZO DE TRABALLO COLABORATIVO (COWORKING)”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PEL) 2016- 2019

Na Coruña, o

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Valentín González Formoso Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Manuel Miñones, con DNI núm 44808588B, Alcalde do Concello de Ames

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación

municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a adquisición de inmobles para destinalos ao seu interese público.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de abril, de bases do réxime local.

Neste sentido, a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames consideran de gran interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través de formación e titorización das persoas que os promovan. Ambas partes estiman necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.

A Deputación Provincial da Coruña está a xestionar no presente mandato o Plan de Emprego Local (PEL) 2016- 2019 como instrumento fundamental da estratexia provincial polo emprego e o Concello de Ames conta con medios precisos para implementar xunto coa Deputación, unha política activa de apoio ao emprendemento na provincia da Coruña.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Ames en promover o sector do emprendemento e de establecer medidas efectivas de loita contra o desemprego, amabas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ames, CIF **P15002001**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Adquisición dun ben inmovible para o seu uso como espazo de traballo colaborativo (coworking)”

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICION

Segundo a información do Concello de Ames, o orzamento máximo para a adquisición do ben ascende a **564.879,06 euros**.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **35,40581%** do custo do proxecto.
2. No caso de que o gasto total xustificado e a suma dos pagos parciais ao rematar o derradeiro prazo de aprazamento no pago do prezo non acadase o importe total previsto na cláusula SEGUNDA, ou se producira a resolución do contrato de compravenda polo non pagamento dalgún ou de todos os pagos parciais aprazados, a Deputación entenderá que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro e porén

procederá o reintegro da totalidade da achega provincial nos termos previstos na cláusula undécima.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais, rexistrals, nin de financiamento polo período aprazado.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O Concello de Ames, para a adquisición do ben inmovible, haberá de seguir o procedemento aberto, para os efectos de garantir que esta se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, recollidos no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
2. O Concello de Ames deberá acreditar o cumprimento do previsto no artigo 116 da Lei do patrimonio das administracións públicas (LPAP), Lei 33/2003, do 3 de novembro e nos artigos 102.3 sobre o prezo do contrato e artigo 115 dos estudos de mercado co asesoramento de terceiros expertos independentes da Lei de contratos do sector público de 2017 (LCSP), Lei 9/2017, do 8 de novembro.
3. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello de Ames o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Ames, nin con calquera outra que concorra nalgunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben, o Concello de Ames deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista nas bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o **40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Ames pola contía resultante de aplicar esta porcentaxe sobre o importe de adxudicación da compravenda do inmovible, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - A. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
 - Descrición física e xurídica do ben.
 - Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles.
 - Valoración pericial.
 - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne.
 - Determinación da data para a elevación á escritura pública.
 - B. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - C. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - D. Acreditación do cumprimento do establecido na cláusula CUARTA en relación á aplicación do procedemento de contratación aberto para a adquisición do ben inmovible.
 - E. Informe da Intervención municipal de que os custos de financiamento da compra aprazada do inmovible están a cumprir o principio de prudencia financeira previsto no artigo 48 bis do texto refundido da Lei de facendas locais (Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e demais normas de desenvolvemento desta
2. Adquirido o ben, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
 - A. Copia da escritura pública de adquisición na que constará o importe do financiamento provincial.
 - B. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Ames, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
 - C. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
 - D. Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectado á mesma finalidade ou obxecto da subvención.

- E. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
 - F. O Concello de Ames deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ames na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
 4. O Concello de Ames deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 100% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento, así como a aplicación dos fondos á finalidade prevista no presente convenio. Esta obriga será acreditada polo Concello de Ames, no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos provinciais

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula PRIMEIRA, deberá estar formalizada mediante escritura pública no prazo dun ano contado a partir da data de sinatura do presente convenio.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ames para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.
3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ames da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Ames deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Ames destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ames poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio interadministrativo de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ames queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estar ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ames serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o

previsto na Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ames será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2021**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. De acordo co establecido na cláusula SÉTIMA do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá ao Concello de Ames para que presente a documentación no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Ames, respectivamente.

Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- APROBACIÓN DA POSTA EN MARCHA DO PROXECTO "PEL EMPREGO SOSTIBLE NO ÁMBITO RURAL".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Tomar coñecemento da subvención do Fondo Social Europeo, concedida por Resolución do 13/12/2018, publicada no BOE número 305 do 19/12/2018, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local (Ministerio de Política Territorial e Función Pública), para a execución do proxecto provincial "PEL-Emprego Sostible no Ámbito Rural", cuxo orzamento é o seguinte:

Achega do Fondo Social Europeo (80 %)	4.252.591,45 €
Achega da Deputación da Coruña (20 %)	1.063.147,86 €
Total Proxecto	5.315.739,31 €

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto "PEL emprego sostible no ámbito rural", código de proxecto número 2019.003.81000.1, sendo a distribución temporal de ingresos/gastos a seguinte:

ACHEGAS	2019	2020	2021	TOTAL
Fondo Social Europeo (80%)	2.433.211,45 €	956.266,32 €	863.113,68 €	4.252.591,45 €
Deputación da Coruña (20%)	608.302,86 €	239.066,58 €	215.778,42 €	1.063.147,86 €
TOTAL	3.041.514,31 €	1.195.332,90 €	1.078.892,10 €	5.315.739,31 €

As achegas provinciais están condicionadas, no que se refire ao exercicio 2019 á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos número 1/2019; e no que se refire aos exercicios 2020 e 2021 á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais.

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución."

11.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, SEGUNDA FASE: REHABILITACIÓN DO FIRME DP 2405, P.K. 6+000, 6+600 (ORDES)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 117.105,28.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

DENOMINACIÓN DA OBRA	CÓDIGO	IMPORTE
REHABILITACIÓN FIRME DP 2405, P.K. 6+000, 6+600 (ORDES)	2019.1100.0034.0	117.105,28

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2019, SEGUNDA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente os proxectos incluídos no Plan de INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2019 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 4.196.028,51.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACIÓN
19.1110.004.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA D.P.-7402 MARTELO A AUGASANTAS P.K. 0+000 A 2+543	ROIS	1.150.071,35	83.852,66
19.1110.0005.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402, ARES A CHANTEIRO, PQ 3+700 A PQ 4+700	ARES	678.951,33	47.102,30
19.1110.0006.0	AMPLIACION, MELLORA DP 2801, P.K. 0+780, 2+554	CORCUBIÓN	1.077.304,32	66.335,00
19.1110.0007.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 7802, ROXOS A REBORIDO. 1ª FASE, P.Q. 0+390 A 2+620	SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.123.606,18	101.649,50
19.1110.0008.0	MELLORA TRAZADO DP 2403, P.K. 4+680, 4+925	CERCEDA	166.095,33	54.546,00
TOTAL.....			4.196.028,51	353.485,46

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

13.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA E APROBACIÓN DEFINITIVA DA CESIÓN DE USO DUNHA PARTE DO INMOBLE FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY A FAVOR DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS, PARA DESTINALO AOS FINS EDUCATIVOS PROPIOS DA REFERIDA ENTIDADE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar definitivamente o correspondente expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio Fogar Infantil "Emilio Romay", que se describe nos planos que constan no expediente, que actualmente teñen o carácter de ben de "dominio público – servizo público" que pasará a cualificarse como "patrimonial", para a súa posterior cesión de uso á Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais.
2. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso gratuíto á Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais, dunha parte do edificio denominado "Fogar Infantil Emilio Romay", que se concreta en 863,19 m² na planta baixa, 863,19 m² na planta primeira, 120,62 m² na planta semisoto e 552,95 m² no espazo exterior, para o desenvolvemento de actividades educativas propias e servizos accesorios a esta, quedando condicionada a citada cesión ás seguintes condicións:
 - i. De conformidade coa normativa urbanística vixente (Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña) o uso definido para a parcela onde se sitúa o inmovible referido, é o dotacional / equipamento local.

Concretamente, prevense dúas categorías de uso: administrativo (AD) e benestar social e asistencia (AS).

O novo uso do edificio pasaría a ser o de **Benestar Social e Asistencial (AS) e Educativo (ED)**, polo que se deberá solicitar do Concello da Coruña, o cambio de uso, de conformidade co artigo 42.5 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A efectividade da cesión estará condicionada á autorización de cambio de uso polo Concello da Coruña, que se deberá tramitar conxuntamente coa obtención das preceptivas licenzas urbanísticas e autorizacións que resulten preceptivas.

ii. Duración da cesión

Prevese unha duración inicial da cesión de uso por un período de 10 anos, prorrogable por outros cinco anos. A presente cesión poderá ser obxecto de renovación transcorrido o prazo de duración inicial e o da prórroga prevista.

Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a cesión de uso, con un preaviso de seis meses, e sen que por este motivo teña dereito a entidade cesionaria a indemnización ningunha.

iii. Obrigas para o cesionario

a) Obrigas na fase de proxecto e execución de obras

- Asumirá o cesionario todos os custos derivados da elaboración do correspondente proxecto de obras e demais documentación que resulte necesaria, así como todos os custos derivados da execución das obras e os que se poidan derivar do cumprimento das demais obrigas previstas na presente proposta.
- Respectarase e garantirase a servidume de paso no caso de incendio dende a planta primeira do Fogar Infantil Emilio Romay na zona de bebés (Fogar Xabarín).
- Respectaranse as diversas servidumes de paso por espazos exteriores, tanto polo servizo de seguridade 24 h como do propio Fogar Infantil.
- Realizarase un novo acceso pola Avda. de Cádiz, tal e como se recolle no plano de parcela adxunto ao informe do xefe do Servizo de Arquitectura e Mantemento que consta no presente expediente.
- Realizarase un peche de independencia entre os espazos cedidos e os propios do Fogar Infantil e Milagrosa.
- Efectuaranse todas as acometidas e subministracións de servizos de maneira independente ao Fogar Infantil.

b) Obrigas na fase de uso do espazo cedido

- O cesionario asumirá todos os labores de mantemento preventivo e correctivo así como os controis e revisións regulamentarios das súas instalacións, sistemas e aparatos.
 - Asumirá as reparacións de avarías e incidentes, tanto en instalacións como nos elementos arquitectónicos, así como a substitución e reparación dos danos consecuencia desta. O ámbito desta actuación engloba os espazos cedidos como os propios da Deputación da Coruña afectados.
 - Asumirá todas os labores de mantemento preventivo e correctivo dos elementos arquitectónicos interiores e exteriores da envolvente correspondente á superficie cedida (cuberta, fachada, carpintería, espazos exteriores ...).
- Anualmente o cesionario presentará un informe das actuacións seguidas.
- Para a realización de calquera obra nova, de mellora, substitución e/ou reparación dos elementos arquitectónicos será necesaria unha autorización previa. A solicitude irá acompañada da documentación técnica necesaria, acorde á envergadura da obra proposta.

- Cando se autorice algunha obra en aplicación do punto anterior, o cesionario informará ao Servizo de Patrimonio e Contratación e ao Servizo de Arquitectura e Mantemento da data prevista do comezo da obra, empresa construtora, prazo e demais datos relevantes para que poida realizar un seguimento externo da obra.
- A Deputación Provincial da Coruña poderá requirir ao cesionario a realización das obras de mantemento e conservación dos elementos arquitectónicos da envolvente do edificio correspondente á superficie cedida cando observe un risco grave e inminente así como un deterioro progresivo grave.
- Para os efectos de coñecer o estado das instalacións no momento dunha posible reversión á Deputación o cesionario presentará anualmente un informe das actuacións seguidas, revisións, actas, ou calquera documento relativo ás instalacións (eléctrica, contra incendios, abastecemento de auga, auga quente sanitaria, lexionela, aparatos elevadores, gas, ventilación, paneis soares ...).
- Entregaranse tamén as actas de inspección de sanidade dos espazos destinados a tratamento de alimentos e cociña, se o edificio dispuxese de espazos destinados a estes usos.
- En calquera momento, previo aviso, o Servizo de Arquitectura e Mantemento ou o Servizo de Patrimonio e Contratación poderán acceder ao recinto para os efectos de inspección e revisar o estado do inmovible.

c) Tributos e outros custos a asumir polo cesionario

- Corresponderalle á entidade cesionaria asumir o aboamento de calquera tipo de tributos, taxas e contribucións especiais.
- O cesionario deberá subscribir unha póliza de seguro de danos así como de responsabilidade civil que cubra calquera continxencia que se poida dar na parte do inmovible obxecto de cesión.

3. Publicar o acordo adoptado para o efecto no Boletín Oficial da Provincial.

4. Inscribir no Inventario provincial o acordo adoptado.

5. Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia."

14.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E CONCELLO DE ZAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS EN BAIIO-C-552 Á CORUÑA - FISTERRA T.M DE ZAS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento

da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Zas para cofinanciar as obras de proxecto de renovación de beirarrúas en Baio-C-552 A Coruña-Fisterra T.M. Zas, cunha achega provincial de **94.319,47** euros con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de **117.899,34** euros.

3º Condicionar á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS EN BAIO-C-552 A CORUÑA-FISTERRA T.M. DE ZAS

Na Coruña, ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Zas**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación

municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

É obxecto do proxecto, a definición das operacións precisas para obter a desexada e necesaria mellora da seguridade peonil da estrada que nos ocupa, así como a renovación de algúns servizos urbanos existentes.

A C-552 está situada nunha zona privilexiada do núcleo urbano de Baio, e polo tanto afectada polo crecemento urbanístico actual e futuro da dita poboación, a máis poboada do municipio de Zas.

A estrada actual dotada de beirarrúas en ambas as dúas marxes e con zonas habilitadas para o aparcadoiro de vehículos en batería nunha marxe.

A calzada contra con edificacións asentadas de maneira case continua e con baixos con actividades terciarias, polo menos no marxe dereita cara a Fisterra. Isto último xera un importante tráfico peonil que ten que circular nalgúns tramos de beirarrúas en estado deficiente de conservación o que representa un perigo de caídas.

Por todo o anteriormente exposto, co proxecto que nos ocupa, se pretende definir as obras necesarias para lograr a recuperación e dotación de beirarrúas na zona de Baio que permitan mellorar de forma substancial a seguridade viaria nesta estrada.

Dadas as características existentes do trazado actual e a presenza de edificacións e peches, se opta por unha obra de menor intervención necesaria.

Unicamente se considera a renovación de pavimentos beirarrúas e a renovación dos servizos existentes como o do saneamento de fecais.

Neste sentido, o Concello de Zas considera de primeira necesidade as actuacións sobre, a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboación entre si e que ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas soporta tráfico máis pesado como pode ser o transporte escolar, tractores e furgonetas para uso agrícola e gandeiro e todo tipo de tráfico que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria das persoas usuarias.

Debido principalmente as inclemencias meteorolóxicas os camiños obxecto deste proxecto sufriron un importante deterioro, chegando incluso a danar gravemente as rodas e outros elementos de vehículos pesados que transitan por esta vías.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar a reparación do pavimento en camiños e accesos, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para o desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten na realización das seguintes actuacións: (renovarase a rede existente de formigón cunha rede separativa de pluviais composta por sumidoiros, pozos de rexistro e canalización, mellora da capa de rodaxe, pavimentación, reparación de fochancas, perfilado de mordentes, tratamento asfáltico, actuacións de sinalización e drenaxe, etc...)

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Zas** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Zas**, con CIF **P1509400F**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “Proxecto de renovación de beirarrúas en Baio-C-552 a Coruña-Fisterra T.M. de Zas”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **técnico municipal Fernando Garrido Muíño**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	81.880,23 euros
Gastos xerais 13,00%	10.644,43 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.912, 81 euros
IVE (21%)	20.461,87 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	117.899,34 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **94.319,47** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00000 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57^a e 58^a das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
-

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faíse constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para cofinanciar as obras de mellora da seguridade viaria cunha achega provincial de 63.972,46 euros con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79,999%** respecto dun orzamento de **79.965,58 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARRAL POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA

Na Coruña, ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO , alcalde presidente do **Concello de Carral**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Carral considera de primeira necesidade as actuacións sobre a mellora da seguridade viaria.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras de mellora dos pasos de peóns, tanto a nivel de accesibilidade como de dotación de iluminación necesarias para mellorar a visibilidade, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e consisten na realización das seguintes actuacións:

Trátase dunhas obras de mellora da seguridade peonil nun ámbito urbano que implican unha mellora moi importante na iluminación dos pasos de peóns e dos sinais verticais que os especifican así como unha serie de melloras na pavimentación de tal forma que se eviten os aparcadoiros de vehículos nos ámbitos do paso restando visibilidade aos peóns para poder cruzar e aos vehículos para alertalos da intención de paso das persoas. Así mesmo, realízanse algunhas actuacións que melloran as condicións de accesibilidade tanto física como visual dos bados instalando baldosas podotáctiles e mellorando as pendentes de ditos bados. As obras comprenden entre outros os seguintes aspectos:

- Demolicións necesarias para os pases de instalacións e as melloras dos baos con escavación de gabias e pozos para arquetas, eliminación de bordos e beirarrúas de baldosas
- Eliminación mediante fresado de marcas viarias de pintura existentes
- Desmontaxe dos sinais verticais que se han substituír
- Execución de bordos de formigón para arestas exteriores de beirarrúas
- Colocación de novos pavimentos con baldosas podotáctiles raiadas ou de puntos e baldosas tipo lousa de formigón de nove pastillas.
- Nova pintura viaria nas marcas de paso de peóns horizontais
- Instalación da iluminación dos pasos de peóns que consiste na implantación de varias placas luminosas a niveis co firme da calzada, así como varios sinais verticais de aviso de paso de peóns con aceso dinámico, e/ou pilotes de detección peonil.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carral** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Carral**, con CIF **P1502100I**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de mellora da seguridade viaria, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **arquitecto técnico Javier López Da Vila ,Nº Colexiado 2.691.**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao

ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	55.535,51 euros
Gastos xerais 13,00%	7.219,62 euros
Beneficio industrial 6,00 %	3.332,13 euros
IVE (21%)	13.878,32 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	79.965,58 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **63.972,46** euros o que representa unha porcentaxe do **79,999%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,999%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o

dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e **APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á súa aprobación polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter

prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo

pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

16.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NOS PASOS DE PEÓNS NO CASCO URBANO DE CARBALLO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Carballo** para cofinanciar as obras de mellora da seguridade viaria nos pasos de peóns no casco urbano de Carballo, cunha achega provincial de **160.000,00** euros con cargo á aplicación orzamentaria **0112/133.1/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79,44194 %** respecto dun orzamento de 201.404,95 euros e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NOS PASOS DE PEÓNS NO CASCO URBANO DE CARBALLO

Na Coruña, ___ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Carballo**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Carballo, considera de primeira necesidade levar a cabo actuacións sobre os pasos de peóns do seu casco urbano coa finalidade de mellor a seguridade viaria nel, xa que se está a elaborar a 3ª fase da redacción do pleno de estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade do concello.

Nas fases anteriores de análise e diagnose púxose de manifesto que desde o ano 2012 ao 2015 houbo un incremento de atropelos nas rúas carballesas, e que houbo un descenso do ano 2016 e un incremento considerable no ano 2017.

Destes atropelos tamén se constata que unha porcentaxe moi elevada, entono ao 90% foron nos pasos de peóns, o que pon de manifesto que é necesaria unha intervención urxente nos mesmos sobre todo nos que teñen unha maior probabilidade de ser recorrentes os accidentes por soportar unha maior intensidade de peóns e maior tráfico rodado.

Por este motivo, acordouse a mellora da seguridade e visibilidade nos pasos de peóns onde se instaba ao cumprimento coas recomendacións realizadas polo Eurotest Auditoría Europea sobre os pasos de peóns e que se priorizarán os pasos de peóns que deben adaptarse coas medidas susceptibles de ser aplicadas.

Asemade, acordouse implementar de forma progresiva esas accións tomando as primeiras medidas nos pasos que estean nas proximidades de colexios, parques, centros de saúde e lecer, vías principais da localidade, interseccións perigosas, así como naqueles nos que se rexistrara algún accidente motivado pola falta de visibilidade, realizando un plan definido de prioridades para corrixir deficiencias.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carballo** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo, con CIF P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de mellora da seguridade viaria nos pasos de peóns no casco urbano de Carballo, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro técnico municipal José Manuel Facal Fariña

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a

execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	13.9874,25 euros
Gastos xerais 13,00%	18.183,65 euros
Beneficio industrial 6,00 %	8.392,46 euros
IVE (21%)	34.954,58 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	201.404,94 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTÉÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **160.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **79,44194** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,44194** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1331/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e **APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente

extinguído, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN PARA A REMODELACIÓN DA ÁREA EXPOSITIVA DO CASTELO DA CONCEPCIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira para cofinanciar as

subministracións para a remoledación da área expositiva Castelo da Concepción no Concello de Cedeira, cunha achega provincial de **31.638,11 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **0112/336.9/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do 79,999999% respecto dun orzamento de **39.547,64 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CEDEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN PARA A REMODELACIÓN DA ÁREA EXPOSITIVA DO CASTELO DA CONCEPCIÓN

A Coruña ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D./Dña. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP _____

Doutra parte D./Dña. _____, Alcalde Presidente do Concello de Cedeira.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación...
- ...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica nas zonas urbanas...
- ...h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local...
- ...m) Promoción da cultura e equipamentos culturais...

O Concello de Cedeira considera de primeira necesidade a adquisición e colocación de distintos elementos necesarios(expositores, vitrinas, focos,mostrador de recepción...) coa finalidade de substituír os existentes para renovar e adaptar ao contexto arqueolóxico patrimonial o centro expositivo situado no Castelo da Concepción, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico.

As razóns que levan a desenvolver o proxecto de remodelación do espazo expositivo do Castelo da Concepción son a súa posta en valor e a necesidade de adaptalo aos restos descubertos no xacemento da Punta Sarridal e poder exhibir no mesmo os restos útiles localizados durante o desenvolvemento das actuacións arqueolóxicas. A finalidade do proxecto e achegar a nosa historia a todo o público en xeral e incrementar no caso do Castelo, o atractivo que xa ten de por si poñendo o lugar de exposición en relación directa co achado nas súas inmediacións. Toda a poboación cedeiresa e o gran número de turistas que se achegan ao noso pobo deben poder desfrutar e coñecer de primeira man o noso patrimonio histórico e o conxunto que ofrece a Punta Sarridal co Monumento con Forno do Castro escavado e visitable e un pequeno centro de interpretación ao seu pé é un marco incomparable para facelo

O pobo de Cedeira ten no seu sector turístico unha destacable fonte de ingresos, sendo este tipo de actuacións o camiño para conseguir un turismo sostible.

Unha das fundamentais razóns que xustifica estas actuacións é so seu interese social. As persoas beneficiarias dos cambios que se han realizar no castelo coas novas subministracións necesarias son todo o pobo de Cedeira e visitantes.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Cedeira, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cedeira**, con CIF **P1502200G**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe deseguido: “Subministracións de distintos materiais inmoables para a Remodelación da Área expositiva do Castelo da Concepción de Cedeira”, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas. O dito prego de prescricións técnicas foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o concello o orzamento máximo para a subministración ascende a **39.547,64 euros**.

Descrición	Importe (€) IVE non incluído
Reforma instalación eléctrica consistente en substituír o cadro xeral de mando e protección, substitución de luminarias existentes polas que a continuación se describen, instalación de luminarias de emerxencia, instalación de puntos de luz en vitrinas, instalación de puntos de audio para o centro de interpretación, instalación de pantalla led, Instalación realizada con caixas universais, tubo forroplast, cableada	3.280,00
20 ml de carril negro suspendido con kit de suspensión cable inox	764,00
24 Led Lights 4000K para carril anterior	2.342,00
17 Downlights 6W 4000K para vitrinas expositoras	408,00
Carpintería: Subministración e colocación de mostrador de recepción fabricado en laminado hidrófugo que inclúe módulo de cristal para exposición de maqueta do castelo	1.320,00
Subministración e colocación de 5 uds. de vitrina con fronte acristalado fabricadas en laminado hidrófugo	6.050,00
Subministración e colocación de 2 uds. de vitrina con fronte e 1 lateral acristalado fabricadas en laminado hidrófugo	4.940,00
Subministración e colocación de 2 uds. de vitrina con fronte e 2 laterais acristalados fabricadas en laminado hidrófugo	5.480,00
Subministración e colocación de paneis en laminado hidrófugo para revestimento de paredes, colocados con rastrel macizo e remate	2.914,00

superior laminado. 25ml aprox.	
Mobiliario: Sofá 3 prazas	970,00
Conxunto mesa con taburetes baixos para zona creativa “debuxa o castelo”	1.240,00
Traballos gráficos Vinilos adhesivos explicativos e fotomurais das distintas pezas ou obras que compoñen o museo	2.360,00
Outros: Led 49”	580,00
Soporte a parede para Led	36,00
Importe sen IVE:	32.684,00
Importe total (incluído o 21% do IVE)	39.547,64 (IVE incluído)

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **31.638,11 €**, o que representa unha porcentaxe de **79,999999 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/336.9/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o concello, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

- Persoa adxudicataria
- Importe do contrato
- E prazo de execución

2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

4.- O concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de

publicidade./Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Factura e certificación acreditativa do pago do ben.
- Acta de recepción
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O Concello deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A subministración que é obxecto de financiamento provincial, , deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos

compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirá o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na subministración ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas a subministración e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de**

outubro do 2021, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o Concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____do día ___ de _____ de 2019

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

18.- APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DA ESTRADA MUNICIPAL NO LUGAR DO PIÑEIRO E HORROS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **BOIMORTO** con **CIF P1501000B** para cofinanciar as obras de **Reforma da estrada municipal no Lugar do Piñeiro e Horros** cunha achega provincial de **55.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00% respecto dun orzamento de **68.750,00 euros** e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DA ESTRADA MUNICIPAL NO LUGAR DO PIÑEIRO E HORROS.

A Coruña, ___ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de BOIMORTO**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e

economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Boimorto considera de primeira necesidade levar a cabo unha reforma do vial municipal existente nos lugares do Piñeiro (parroquia de Cardeiro) e Horros (parroquia de Andabao) do Concello de Boimorto, xa que actualmente presentan un estado totalmente deficiente (firme, cunetas...) que provoca certa inseguridade aos vehículos e persoas, polo que se considera totalmente necesario a adopción de medidas que contribúan á mellora do traxecto en cuestión.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a reforma da estrada municipal no lugar do Piñeiro e Horros., motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do concello e consisten na realización das seguintes actuacións:

. Os motivos que xustifican a súa intervención principalmente son os seguintes:

- Trátanse duns camiños rurais e veciñais que facilitan a comunicación directa entre núcleos de poboación importantes, que enlazan unhas vecindades con outras. Ademais tamén se sitúan nunha zona agrícola e gandeira moi desenvolvida, permitindo deste xeito o acceso e a comunicación con explotacións e fincas que serven aos fins da agricultura e a gandería, que constitúe o sector máis importante da actividade económica do Concello de Boimorto. En consecuencia, os tipos de transporte que circulan por estas vías son tamén os destinados a abastecer e explotar as granxas e campos destas zonas (tractores, camións, maquinaria agrícola...)
- Son viais polos que concorre tamén tanto o transporte municipal do centro social municipal de maiores do casco urbano do Concello de Boimorto (asistencia diaria de aproximadamente de 35/40 maiores) como o transporte público escolar, polo que resulta totalmente necesario dotar de completa seguridade viaria a usuarios/as desta vía. Ademais hai que

engadir problemas de manobrabilidade para este tipo de transporte, sendo imprescindible unha ampliación da vial.

- No caso da estrada municipal de Horros é o acceso principal ao recinto onde anualmente se celebra o Festival da Luz, proxecto cultural comprometido co medio rural, totalmente consolidado que implica a asistencia de multitude de público aos distintos espazos (mercado, zona infantil, musicais, carpas de cine e teatro, gastronomía, zona acampada...), polo que se trata dunha vía moi concorrida por turismos, caravanas, camións...que acceden ao festival.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Boimorto** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Boimorto, con CIF P1501000B, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de reforma da estrada municipal no lugar do Piñeiro e Horros, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Manuel Carro López N^o Colexiado 2974.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	47.746,37 euros
Gastos xerais 13,00%	6.207,03 euros

Beneficio industrial 6,00 %	2.864,78 euros
IVE (21%)	11.931,82 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	68.750,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **55.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80,0000** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,0000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Base 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e**

presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de dubvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

19.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO ANO 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a rectificación do inventario de bens da Deputación Provincial da Coruña.

2. Remitir unha copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do establecido no artigo 32.1 do Regulamento de bens."

20.- APROBACIÓN DO SEGUNDO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DE PARCELA NO LUGAR DO FORTE PARA PARQUE MÓBIL" DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 4ª E DERRADEIRA FASE (CÓDIGO 2015.3110.0418.0)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 26 de xuño de 2016, polo que se aprobou a 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, en relación coa Resolución da Presidencia nº 19372 do 19/08/2016

Logo de ver que no anexo II a este acordo figura a listaxe dos investimentos que se inclúen nesta 4ª e derradeira fase, no apartado PAS 2015- Convenios, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Boqueixón denominada "Acond. parcela Lg. Forte para parque móbil", co código 2015.3110.0418.0

Logo de ver que mediante Acordo plenario desta Deputación do 28 de xuño de 2017 aprobouse, a solicitude do concello, un primeiro proxecto modificado desta obra.

Logo de presentar o Concello de Boqueixón un segundo proxecto modificado con incremento do seu orzamento, que introduce modificacións técnicas e un cambio de situación dentro da mesma parcela con respecto ao proxecto anteriormente aprobado.

Logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos desta segunda modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo concello

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar o segundo proxecto modificado da obra do Concello de Boqueixón denominada "Acondicionamento de parcela no lugar de Forte para parque móbil", incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0418.0, que foi aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 29 de xuño de 2016 en relación coa Resolución da Presidencia nº 19372 do 19 de agosto de 2016, que non varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero si representa un incremento do seu orzamento de contrata, inclúe modificacións técnicas, así como un cambio de ubicación dentro da mesma parcela con respecto ao proxecto anteriormente aprobado

	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		INCREMENTO
	Orzamento de contrata	Execución por administración	Orzamento de contrata	Execución por administración	
Deputación	32.556,80	32.556,80	32.556,80	32.556,80	0,00
Concello	8.139,20	8.139,20	8.145,94	8.145,94	6,74
Total	40.696,00	40.696,00	40.702,74	40.702,74	6,74

O aboamento da achega da deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida 0430/135/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Comunicarlle ao Concello de Boqueixón a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

21.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORAS EN EDIFICIOS MUNICIPAIS EN LESTEDO E OUTROS" DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) ADICIONAL 1/2015 CO CÓDIGO 2015.3111.0509.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 38964/2017 do 1 de decembro de 2017 aprobouse o Plan de acción social (PAS) adicional 1/2015, no que se incluíron investimentos previstos no Plan complementario ao PAS 2015, aprobado por acordo plenario do 29 de xuño de 2016 no marco das súas bases reguladoras aprobadas por acordo plenario desta deputación do 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 196 do 14 de outubro de 2015

Logo de ver que entre os investimentos incluídos no PAS Adicional 1/2015 se inclúe a obra do Concello de Boqueixón denominada "Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros" co código 2015.3111.0509.0, cuxa execución a realiza a propia administración.

Logo de presentar o Concello de Boqueixón un proxecto modificado sen variación do seu orzamento, que introduce modificacións nas actuacións e nas partidas internas do seu orzamento.

Logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables xustificativos desta modificación do proxecto e a certificación acreditativa da súa aprobación polo concello

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Boqueixón denominada "Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros", incluída no Plan de acción social (PAS) adicional 1/2015, co código 2015.3111.0509.0, que foi aprobado por Resolución 38964/2017 do 1 de decembro de 2017, que non supón unha variación económica do seu orzamento, pero presenta importantes cambios nas actuacións e nas partidas internas.

Concello	Código	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
Boqueixón	2015.3111.0509.0	Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros	30.843,49	0,00	30.843,49

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado debe quedar condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2019 aprobado por acordo plenario do 1 de marzo de 2019, no que, na partida 0430/93393/76201, consignouse crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Comunicarlle ao Concello de Boqueixón a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

22.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "REAFIRMADO VÍA SAN JUAN FONDAL E CAMIÑO EN BOLLO" DO CONCELLO DE MIÑO, INCLUÍDO NA SEGUNDA E DERRADEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 1/2017 CO CÓDIGO 2017.2001.0751.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Miño do proxecto modificado do investimento denominado "Reafirmado de vía en San Juan-Fondal e camiño en Bollo", incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0751.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 23 de marzo de 2018 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, e co acordo plenario do 8 de xuño de 2017, aprobou a segunda e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2017, no que se inclúe este investimento

Logo da publicación do Plan básico autonómico no que se establecen os límites municipais oficiais e advertir o Concello de Miño un erro no límite municipal sinalado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2003 e que o camiño en Bollo no que se pretendía actuar co proxecto inicial, que aínda está sen adxudicar, atópase no termo municipal de Pontedeume

Logo de modificar o Concello de Miño o proxecto inicial para realizar a intervención no núcleo de Bollo, pero noutra vía de titularidade municipal, e aprobar o proxecto modificado asumindo integramente o concello o incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto inicial

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ adicional 1/2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reafirmado de vía en San Juan-Fondal e camiño en Bollo”, do Concello de Miño, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0751.0, que foi aprobada mediante acordo do Pleno provincial do 23 de marzo de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/10762, do 26 de marzo de 2018, que aínda está sen adxudicar, e que aprobou o concello para realizar a intervención no núcleo de Bollo, pero nunha vía de titularidade do concello, dado que o camiño en Bollo no que se pretendía actuar atópase no termo municipal de Pontedeume, experimentando o proxecto modificado un incremento do orzamento de contrata con respecto do proxecto inicial, que é asumido integramente polo concello tal e como se indica na seguinte táboa:

Reafirmado vía San Juan-Fondal e camiño en Bollo Concello de Miño Código: 2017.2001.0751.0	Proxecto Inicial	Proxecto modificado	DIFERENZA
	Contrata	Contrata	
Deputación	52.358,08	52.358,08	0,00
Concello	0,00	2.840,20	2.840,20
Total	52.358,08	55.198,28	2.840,20

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/1535/76201 do vixente orzamento provincial."

23.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES Á QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN, POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE XANEIRO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xaneiro de 2019.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2019.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

24.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES Á QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2019 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN, POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de febreiro de 2019.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2019.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

25.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da liquidación consolidada do orzamento do exercicio 2018 da Deputación provincial e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña co seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS	Previsións Orzamentarias		Dereitos Recoñecidos Netos	Recadación Líquida
	P. Iniciais	P. Definitivos		
Capítulos Económicos				
1. Impostos directos	16.849.442,47	16.849.442,47	16.926.342,03	15.719.393,78
2. Impostos indirectos	14.600.217,67	14.600.217,67	15.431.626,82	14.106.584,52
3. Taxas e outros impostos	12.818.657,02	12.818.657,02	16.931.757,94	16.148.803,89
4. Transferencias correntes	139.662.748,43	140.806.865,56	153.100.949,29	139.869.847,52
5. Ingresos patrimoniais.	196.153,59	196.153,59	179.175,60	174.630,15
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	84.127.219,18	185.271.336,31	202.569.851,68	186.019.259,86
6. Alleamento de investimentos reais	-	-	540.640,04	513.377,38
7. Transferencias de capital	-	6.489.813,93	520.624,84	474.319,59
8. Activos financeiros	500.000,00	250.170.132,62	1.283.946,00	1.283.946,00
9. Pasivos financeiros	-	-	-	-
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	500.000,00	256.659.946,55	2.345.210,88	2.271.642,97
TOTAL CAPITULOS	184.627.219,18	441.931.282,86	204.915.062,56	188.290.902,83

ESTADO DE GASTOS	Créditos Orzamentarios		Obrigas Recoñecidas Netas	Pagos Realizados
	C. Iniciais	C. Definitivos		
Capítulos Económicos				
1. Gastos de persoal	41.713.263,60	41.806.317,76	39.559.430,16	39.559.430,16
2. Gastos en bens correntes e servizos	34.633.273,61	48.627.710,49	31.161.940,86	29.787.631,30
3. Gastos financeiros	21.000,00	33.000,00	23.768,53	21.075,37
4. Transferencias correntes	53.671.336,64	84.806.773,12	48.675.173,35	48.175.121,37
5. Fondos de continxencia e out.	3.579.000,00	3.579.000,00	0,00	0,00

imprevistos				
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	133.617.873,85	178.852.801,37	119.420.312,90	117.543.258,20
6. Investimentos reais	16.888.574,33	60.365.429,56	9.717.747,23	9.717.646,43
7. Transferencias de capital	10.040.000,00	167.442.414,58	31.572.754,69	31.019.486,84
8. Activos financeiros	24.080.771,00	35.270.637,35	8.220.625,22	8.220.625,22
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	51.009.345,33	263.078.481,49	49.511.127,14	48.957.758,49
TOTAL CAPÍTULOS	184.627.219,18	441.931.282,86	168.931.440,04	166.501.016,69

SEGUNDO: Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial.

26.-DAR CONTA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2020-2022.

O Pleno toma coñecemento do contido do Plan orzamentario a medio prazo 2020-2022, de aprobación polo Presidente.

27.-DAR CONTA DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS DA CORRUPCIÓN NA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA.

O Pleno toma coñecemento do protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consello de Contas de Galicia para a promoción de actuacións en materia de prevención de riscos da corrupción na administración local de Galicia.

28.-APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º) Aprobar esta proposta de convenio, que será remitida ao Catastro para a súa tramitación:

"PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL

En Madrid e A Coruña, o..... de..... do ano dous mil

Dunha parte:.

D. Fernando de Aragón Amunárriz

Director xeral do Catastro, en virtude do Real decreto 752/2016, do 30 de decembro (BOE número 316, do 31 de decembro) en exercicio das competencias que ten delegadas por Resolución da Secretaría de Estado de Facenda do 14 de xuño de 2012 (BOE número 148, do 21 de xuño).

Doutra parte:

D.

Presidente da Deputación Provincial da Coruña, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, establece no seu artigo 4 que a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado e que estas funcións exerceraas a Dirección Xeral do Catastro, directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes administracións, entidades e corporacións públicas.

Pola súa banda, a Dirección Xeral do Catastro exercerá as funcións relativas á formación, mantemento, valoración e demais actuacións inherentes ao Catastro Inmobiliario, de conformidade co Real decreto 1113/2018, do 7 de setembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Facenda.

SEGUNDO. O Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, regula, entre outras cuestións, a colaboración na xestión do Catastro entre a Administración do Estado e outras administracións, entidades e corporacións públicas, fixando o marco ao que deben suxeitarse os convenios que, sobre esta materia, subscríbanse, sen prexuízo da aplicación das prescricións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

TERCEIRO. A Deputación Provincial da Coruña, o día, solicitoulle a través da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, á Dirección Xeral do Catastro, a formalización do presente convenio de colaboración, en substitución do convenio subscrito o 24 de marzo de 2003, actualmente vixente, que se extingue coa sinatura do presente convenio.

CUARTO. O Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Coruña, en sesión celebrada o, informou favorablemente a subscrición do presente convenio, en virtude do establecido no artigo 63.2 do Real decreto 417/2006.

En consecuencia, as Administracións intervenientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Dirección Xeral do Catastro, a través da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia (en diante Xerencia), e a Deputación Provincial da Coruña (en diante Deputación), para o exercicio das funcións de xestión catastral cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados nas cláusulas seguintes, sen prexuízo da titularidade das competencias que, na materia obxecto do convenio, correspóndenlle á Dirección Xeral do Catastro.

SEGUNDA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE DOMINIO.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúeselle á Deputación a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica relativas a bens inmobles rústicos e urbanos que se formalicen nos modelos aprobados por orde ministerial, sempre que a transmisión de dominio non se formalizara en escritura pública ou solicitara a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou, formalizada a escritura ou solicitada a inscrición, non se deu cumprimento á obrigaón establecida no artigo 38 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

Tamén será obxecto desta encomenda a tramitación dos expedientes de solicitudes de baixa, previstos no artigo 15 do mencionado texto legal.

2.- Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubrir as declaracións de alteracións catastrais concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos, salvo naqueles supostos en que se cumpriron as formalidades establecidas no artigo 14 a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nese caso a Deputación deberá advertir ao interesado de que non ten obrigaón de presentar a declaración.

b) Recepción da solicitude de baixa, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubriren estas solicitudes formuladas a instancia dos propios interesados, concernentes a bens inmobles urbanos e rústicos.

c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións encomendadas. A Deputación informará a Xerencia a través da súa gravación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación cos requirimentos non atendidos, co fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.

d) Gravación das modificacións dos datos xurídicos na base de datos catastral. A Deputación realizará a gravación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde xurídica tramitados, para os efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. Para ese efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, gravación dos datos xurídicos derivados dos expedientes e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia. En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais obxecto do presente apartado, así como os manuais operativos correspondentes.

e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio

f) A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración ou solicitude, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo ás normas de dixitalización de documentos e ás ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que utilizará, todo iso adaptado ás instrucións da citada Dirección xeral.

En todo caso, deberá cumprir as medidas de seguridade establecidas no Documento de Seguridade de SIGECA aprobado por Resolución da Dirección Xeral do Catastro do 23 de xuño de 2000 (BOE do 27 de setembro de 2000) ou as medidas técnicas e organizativas que se aproben no seu desenvolvemento ou substitución.

g) Actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas materias referidas nos apartados anteriores.

TERCEIRA. TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE ALTERACIÓNS DE ORDE FÍSICA E ECONÓMICA.

1.- En réxime de encomenda de xestión, atribúense á Deputación as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, que se formalicen nos Modelos aprobados por orde ministerial. Así mesmo, asumirá a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións que se presenten mediante a correspondente declaración.

2.- Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Recepción da declaración, rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e asistencia ao contribuínte ao cubrir as declaracións de alteracións catastrais obxecto do presente convenio.
- b) Comprobación da documentación presentada relativa a datos físicos, xurídicos ou económicos dos bens inmobles declarados, con realización, no seu caso, dos oportunos traballos de campo.
- c) Formalización dos requirimentos e audiencias a que houber lugar para o cumprimento das funcións asumidas no presente convenio. A Deputación informará a Xerencia a través da súa gravación no Mapa de Xestión previsto na cláusula cuarta, en relación cos requirimentos non atendidos, co fin de que, no seu caso, a mencionada Xerencia desenvolva as actuacións que estime oportunas.
- d) Gravación das modificacións dos datos físicos, xurídicos e económicos na base de datos catastral. A Deputación realizará a gravación de toda a información relativa aos expedientes de alteracións de orde física e económica tramitados, para os efectos da súa incorporación á base de datos alfanumérica catastral. Para ese efecto, terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, que disporá das seguintes funcionalidades: rexistro de expedientes, gravación dos datos físicos, xurídicos e económicos derivados dos expedientes, validación da información, valoración provisional dos inmobles para que a Xerencia poida efectuar a súa valoración definitiva, tanto no caso de novas incorporacións (altas) como de modificacións nos xa existentes (reformas, segregacións, divisións, agrupacións e agregacións) e seguimento das actualizacións das bases de datos realizadas pola Xerencia.
- e) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio.
- f) A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral, con carácter previo á tramitación da correspondente declaración, toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo as Normas de Dixitalización de Documentos e as ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica relativa aos expedientes tramitados, para os efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral,

realizarse mediante o mantemento en liña da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para iso, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que sufran modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporarán, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acoutados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes ditados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que utilizarán, todo iso adaptado ás instrucións da citada Dirección Xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características, así como os manuais operativos correspondentes.

- g) As actuacións de información e asistencia ao contribuínte en relación coas anteriores materias.

CUARTA. COLABORACIÓN EN ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO.

1. En réxime de encomenda de xestión, a Deputación poderá realizar actuacións de colaboración na actualización das descricións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, a condición de que estes inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio.

Esta colaboración, que non terá carácter de exclusividade, realizarase no marco dos plans de mantemento, regularización e inspección que leve a cabo a Dirección Xeral do Catastro.

Os criterios de planificación de municipios e actuacións, métodos de detección de incidencias, sistemas de captura de documentación, medición e gravación de datos, formatos para a súa remisión, así como o control de calidade realizaranse de conformidade cos criterios ditados pola Dirección Xeral do Catastro.

A base para levar a cabo as actuacións de colaboración previstas na presente cláusula será o Mapa de Xestión, como ferramenta de xestión das necesidades de actualización das descricións catastrais dos inmobles, e de visualización destas sobre o parcelario catastral.

Este mapa poñerase ao dispor da Deputación no marco dos sistemas de información catastrais, de maneira que reflecta, de forma permanentemente actualizada, as incidencias detectadas e a información sobre as distintas fases das actuacións que se desenvolvan sobre estas.

2. Esta colaboración comprenderá as seguintes actuacións:

- a) Detección dos feitos, actos, negocios e demais circunstancias relativas aos bens inmobles susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario.
- b) Incorporación das discrepancias detectadas entre a descrición catastral dos inmobles e a realidade no Mapa de Xestión..
- c) Actuacións de obtención de información e documentación que deban levar a efecto en relación coas incidencias reflectidas no mapa.
- d) Remisión á Xerencia da información e documentación obtida sobre as discrepancias detectadas entre as descrições catastrais e a realidade, sexa cal for a súa orixe, co obxecto da depuración do Mapa de Xestión..
Esta remisión realizarase, por medios telemáticos, nos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro, que permitirá a identificación inequívoca dos inmobles e as parcelas e a súa localización na cartografía catastral.
- e) Colaboración no tratamento da información resultante dos apartados anteriores.
- f) Colaboración, para efectos da súa incorporación ao Catastro, no tratamento da información fornecida polos notarios, rexistradores da propiedade e outras administracións e entidades públicas, reflectida no Mapa de Xestión, nos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro.
- g) Preparación dos borradores de declaración e dos requirimentos previos aos interesados para que estes confirmen estes borradores, ou ben comparezan nas oficinas da Entidade colaboradora ou acheguen cantos datos, informes ou antecedentes con transcendencia catastral resulten necesarios, naqueles casos nos que se considere que a información e documentación dispoñible é insuficiente. Todo iso de acordo cos termos e condicións fixados pola Dirección Xeral do Catastro. A Deputación informará a Xerencia sobre os requirimentos non atendidos e os borradores non confirmados, para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.
- h) Tramitación das comunicacións de concellos e entidades xestoras do imposto sobre bens inmobles establecidas no artigo 14 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, nos termos e condicións establecidos pola Dirección Xeral do Catastro.
- i) Gravación na base de datos catastral dos datos obtidos por calquera das actuacións anteriores. Para ese efecto, a Deputación terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, coas funcionalidades que resulten necesarias para a súa actuación, debéndose observar as instrucións de identificación e

autenticación do Sistema de Información da Dirección Xeral do Catastro.

A Deputación dixitalizará e incorporará nos sistemas de información catastral toda a documentación que integre os expedientes obxecto desta cláusula, atendendo as normas de dixitalización de documentos e as ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

A actualización cartográfica, para os efectos da súa incorporación na base de datos gráfica catastral, realizarase mediante o mantemento da cartografía catastral dixitalizada co fin de asegurar a identidade xeométrica. Para iso, a entidade colaboradora terá acceso telemático aos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro e disporá das funcionalidades de consulta e edición necesarias para o mantemento das parcelas ou locais que sufran modificacións. Cando existan construcións, editaranse e incorporarán, ademais, os planos de distribución de cada unha das plantas significativas, acoutados e dixitalizados segundo as especificacións dos formatos FXCC vixentes ditados pola Dirección Xeral do Catastro, así como a fotografía dixital da fachada.

Para posibilitar o acceso telemático aos sistemas informáticos citados, a entidade colaboradora deberá comunicarlle á Dirección Xeral do Catastro os usuarios, software e equipos informáticos que utilizarán, todo iso adaptado ás instrucións da citada Dirección xeral.

En todo caso, observaranse as instrucións, circulares, especificacións e criterios técnicos e de seguridade que sexan ditados pola Dirección Xeral do Catastro para garantir a incorporación, a calidade e a homoxeneidade dos traballos para a tramitación dos expedientes catastrais de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características, así como os manuais operativos correspondentes.

- j) Emisión de informes técnicos referidos ás alegacións que se presenten ás propostas de regularización da descrición catastral en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio, así como achega da información adicional que fose necesaria.
- k) Colaboración na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes tramitados no ámbito do presente convenio nos termos establecidos no apartado anterior.
- l) Colaboración na investigación da titularidade catastral de inmobles incluídos integramente no ámbito de aplicación do presente convenio, sempre que para iso sexa requirido pola Xerencia.

3. A Deputación deberá comunicarlle á Xerencia calquera incidencia, para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que estime oportunas para garantir o cumprimento de todos os trámites do procedemento nos prazos dispostos na lexislación vixente.

4. A Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio remitiralle anualmente á Xerencia unha proposta de planificación de actuacións que se

han realizar nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio, para garantir a súa compatibilidade cos Plans de regularización e Inspección Catastral da Dirección Xeral do Catastro.

No seu caso, esta proposta detallará outras actuacións previas e complementarias á colaboración no mantemento, que deban realizarse para garantir o seu adecuado desenvolvemento, tales como:

- Corrección de erros derivados das discrepancias entre base de datos gráfica e alfanumérica.
- Corrección de rueiros e números de policía.
- Asignación de rúas a inmobles cunha soa dirección do predio.
- Achega de información para a determinación correcta de titulares en investigación..
- Calquera outra de similar natureza que se estime conveniente.

QUINTA. ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E COLABORACIÓN NA DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN CATASTRAL.

Sempre que para iso sexa requirido pola Dirección Xeral do Catastro, a Deputación comprométese á posta a dispor dos medios necesarios para levar a cabo a atención ao público como consecuencia da tramitación de procedementos que puidesen realizarse nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio, cando afecten a un significativo número de inmobles deste.

Así mesmo, a Deputación asume a atención, presencial ou telefónica, do público que se dirixa a ela co fin de solicitar acceso á información xeral sobre os procedementos catastrais, tipo de actuacións, prazos, efectos e calquera outro extremo relacionado co mantemento catastral.

Esta colaboración desenvolverase en réxime de encomenda de xestión, baixo a dirección do persoal da Xerencia responsable.

A Deputación comprométese a solicitar o establecemento e xestionar Puntos de Información Catastral (PIC) en todos ou parte dos municipios aos que o presente convenio lles sexa de aplicación, a condición de que a Deputación teña nestes municipios unha oficina de atención ao público, e non exista ningún PIC xestionado polo respectivo concello.

O réxime de funcionamento e prestación de servizos destes PIC será o establecido pola Dirección Xeral do Catastro.

A Deputación comprométese á recepción e rexistro nos sistemas informáticos da Dirección Xeral do Catastro, de alegacións, solicitudes e recursos en materia catastral, alleos ao presente convenio.

SEXTA. COLABORACIÓN NA NOTIFICACIÓN.

1. A Deputación comprométese polo presente convenio á notificación postal aos interesados dos borradores de declaración, requirimentos, audiencias e acordos de alteración catastral adoptados pola Xerencia, resultantes da aplicación das cláusulas segunda, terceira e cuarta anteriores, nos termos establecidos no artigo 17 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario,

acolléndose ao sistema de repartición “.....”.

(Incluírase como sistema de repartición un dos seguintes:

- Correos SICER
- Correos NON SICER
- Medios propios e Correos SICER
- Medios propios e Correos NON SICER
- Medios propios / franqueo operador postal
- Medios propios.)

Dado que o sistema de repartición inclúe medios propios, as notificacións dos acordos de alteración e demais documentos previstos neste apartado poderán realizarse co persoal propio da Deputación ou mediante a contratación con empresas de servizos postais, axustada aos requisitos establecidos na Lei 43/2010 do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como á súa normativa de desenvolvemento. (En caso de elixir un sistema de repartición que inclúa medios propios incorporárase tamén este parágrafo).

2. Así mesmo, a Deputación comprométese polo presente convenio á colaboración no cen por cento de todas as actuacións de notificación postal derivadas dos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial, de conformidade co previsto no artigo 29 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e nos artigos 110 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de aplicación supletoria na notificación de valores catastrais, acolléndose ao sistema de repartición “.....”.

- (Incluírase como sistema de repartición un dos seguintes:

- Correos SICER
- Correos NON SICER
- Medios propios e Correos SICER
- Medios propios e Correos NON SICER
- Medios propios / franqueo operador postal
- Medios propios.)

Dado que o sistema de repartición inclúe medios propios, as notificacións dos acordos de valoración poderán realizarse co persoal propio da Deputación ou mediante a contratación con empresas de servizos postais, axustada aos requisitos establecidos na Lei 43/2010 do 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, así como á súa normativa de desenvolvemento. (En caso de elixir un sistema de repartición que inclúa medios propios incorporárase tamén este parágrafo).

O sistema de colaboración previsto nos apartados 1 e 2 anteriores non se aplicará á repartición das comunicacións de clave concertada, que será efectuado pola Dirección Xeral do Catastro.

A Xerencia asumirá, en todo momento, a dirección e o control de todo o proceso de distribución e frecuencia de entrega das notificacións derivadas de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral ou parcial.

SÉTIMA. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

Para o desenvolvemento de todos ou algún dos traballos previstos nas cláusulas segunda, terceira, cuarta e quinta do presente convenio, a Deputación poderá optar, alternativamente, por solicitar o apoio da Dirección Xeral do Catastro, asumindo a Deputación o seu financiamento directamente ou a través do seu correspondente Organismo Autónomo de Xestión e Recadación, ou ben realizalos polos seus propios medios.

OITAVA. CARTA DE SERVIZOS DO CATASTRO.

A Deputación adoptará as medidas que considere necesarias para a correcta realización das funcións de xestión catastral, cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados no presente convenio, de acordo cos compromisos de calidade contidos na carta de servizos do Catastro. En especial, deberá establecer un servizo de recepción e atención das queixas e suxestións que puidesen presentar os cidadáns perante a Deputación con motivo dos compromisos asumidos no presente convenio, debendo dar traslado destas á Xerencia para efectos informativos.

Así mesmo, a Deputación adecuará as súas actuacións, en aplicación do previsto no convenio, ás distintas cartas de servizos do Catastro que puidesen ser aprobadas polo Ministerio de Facenda durante a súa vixencia.

NOVENA. PLAN DE OBXECTIVOS E DE ACTUACIÓNS DO CATASTRO.

En virtude do establecido no artigo 64.5 do Real decreto 417/2006, a actuación da Deputación axustarase á programación do Plan de obxectivos e de actuacións da Dirección Xeral do Catastro.

DÉCIMA. ACTUACIÓNS FORMATIVAS.

A Xerencia comprométese a realizar aquelas actuacións formativas que, no marco da comisión de seguimento, vixilancia e control, considérense necesarias para que a Deputación poida desempeñar as funcións previstas no presente convenio.

En todo caso, a Xerencia comprométese a realizar todas as actuacións formativas necesarias para o adecuado desenvolvemento das actividades en materia de información e atención ao público previstas na cláusula quinta do presente convenio.

Así mesmo, con carácter anual levaranse a cabo unhas xornadas de actualización normativa e unificación de criterios destinadas ao persoal funcionario ou empregadas e empregados públicos da Deputación responsables da xestión do convenio.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A Deputación, no exercicio das funcións previstas no presente convenio, adecuará as súas actuacións ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das

persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, ao texto refundido da Lei do catastro inmobiliario e ao Real decreto 417/2006.

A Deputación terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a prestación dos servizos obxecto deste convenio non suporá “comunicación de datos”, para efectos do disposto na citada Lei orgánica 15/1999.

O tratamento da referida información será realizado unicamente por persoal da Deputación debidamente autorizado por esta, sen prexuízo da posibilidade de contratación dos traballos obxecto do convenio con empresas especializadas. Neste caso, a Deputación fará constar expresamente no contrato suscrito para estes efectos que a empresa contratista debe axustarse ao mesmo réxime de garantías e esixencia de responsabilidade que a propia entidade colaboradora encargada do tratamento dos datos e ao disposto na disposición adicional vixésima quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, a Deputación asume as seguintes obrigacións:

- a) A Deputación deberá poñer en coñecemento da Xerencia a identidade da empresa contratista adxudicataria dos seus traballos e dos seus empregados que vaian ter acceso aos datos catastrais protexidos, para efectos da súa autorización previa.
- b) No tratamento dos datos, a Deputación actuará conforme as instrucións da Xerencia, responsable do ficheiro.
- c) A Deputación adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- d) A Deputación non aplicará nin utilizará os datos de carácter persoal con fins distintos aos que figuran neste convenio, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- e) A Deputación está obrigada a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal tratados, aínda despois da extinción do presente convenio.
- f) A resolución do convenio por algunha das partes a que se refire o Real decreto 417/2006, suporá a devolución á Xerencia de todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal, no prazo de 15 días desde que resulte efectiva a denuncia do convenio.
- g) No caso de que a Deputación destine os datos a outra finalidade, comuníqueos ou os utilice incumprindo as estipulacións deste convenio ou as obrigacións establecidas no Real decreto 417/2006, será

considerado tamén responsable do tratamento, respondendo as infraccións en que incorrese persoalmente.

DUODÉCIMA. ACTUACIÓNS DE PROCEDEMENTO.

1. A Deputación aterase, no exercicio das funcións convidadas, ás normas técnicas que puidese impartir a Dirección Xeral do Catastro.

En todo caso, cando a Deputación decida contratar con algunha empresa especializada as actuacións derivadas do presente convenio, deberá utilizar os pregos de prescricións técnicas que, para os distintos traballos catastrais, teña establecidos a Dirección Xeral do Catastro, e levar a cabo controis periódicos dos traballos realizados por estas empresas para garantir un adecuado control de calidade. A omisión destes controis poderá supor o rexeitamento dos traballos que se pretendan entregar na Xerencia en execución deste convenio.

2. A Deputación poderá utilizar os seus propios impresos para a formalización das declaracións catastrais, sempre que estes se axusten ás condicións, estrutura e contido dos modelos aprobados na correspondente Orde do Ministerio de Facenda, cuxa utilización requirirá autorización expresa da Delegación de Economía e Facenda.

3. A Xerencia poñerá ao dispor da Deputación, a través do seu rexistro nas aplicacións catastrais todas as declaracións correspondentes a alteracións catastrais obxecto do presente convenio que reciba, así como a documentación dixitalizada que a acompañe.

4. Con independencia do uso preferente da Sede Electrónica do Catastro, a Xerencia remitiralle gratuitamente á Deputación, cando así o solicite e como máximo cunha periodicidade anual, a información catastral urbana dos municipios incluídos no ámbito de aplicación do presente convenio nos formatos deseñados para o efecto pola Dirección Xeral do Catastro, que deberá ser utilizada para os fins do presente convenio, sen prexuízo da súa utilización, así mesmo, para o exercicio das súas competencias.

5. A Deputación remitiralle á Xerencia no prazo de 10 días todas as declaracións ou documentos que se refiran a outros tipos de alteracións non contemplados no obxecto do presente convenio e que se presenten nas súas oficinas.

6. A comisión de seguimento, vixilancia e control dará previamente a súa conformidade aos impresos que a Deputación utilice nos requirimentos ou notificacións relativos ás funcións pactadas neste documento, nos que deberá facerse referencia expresa ao convenio en virtude do cal se exercen as indicadas funcións.

7. Tanto a Deputación como a Dirección Xeral do Catastro adoptarán cantas medidas estimen oportunas, encamiñadas a poñer en coñecemento do público o contido do presente convenio evitando en todo caso duplicidade de actuacións ou trámites innecesarios.

8. En relación coas materias obxecto do presente convenio, a Dirección Xeral do Catastro e a Deputación estarán reciprocamente obrigados a admitir e remitir ao órgano competente cantos documentos presenten os administrados.

9. O intercambio de información derivado do exercicio das facultades encomendadas neste convenio realizarase utilizando medios electrónicos, a través dos mecanismos que estableza a Dirección Xeral do Catastro, que

garantirán a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio dos envíos. En todo caso, a información recibida pola Xerencia será obxecto do oportuno control de validación, especialmente naqueles que impliquen unha modificación da valoración catastral.

Igualmente, a mutua remisión entre a Deputación e a Xerencia de documentación que integre os expedientes obxecto deste convenio realizarase en formato electrónico, atendendo as Normas de dixitalización de documentos e as ferramentas informáticas definidas pola Dirección Xeral do Catastro conforme o Esquema Nacional de Interoperabilidade, co fin de permitir a súa integración no sistema de información catastral.

No caso de que a Dirección Xeral do Catastro modifique os formatos de intercambio de información ou as Normas de Dixitalización de Documentos, establecerase un período transitorio para que a entidade colaboradora poida adaptarse a estes novos formatos, co informe previo da Comisión Técnica de Cooperación Catastral, órgano colexiado de natureza administrativa dependente do citado centro directivo.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO.

1. O presente convenio subscríbese ao amparo do establecido no artigo 4 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, así como nos artigos 62 e seguintes do Real decreto 417/2006, polo que se desenvolve este texto legal e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O presente convenio, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, réxese, en todo o non disposto nel, polos principios derivados desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan exporse, así como as demais disposicións que resulten de aplicación..

Para resolver os litixios que puidesen xurdir sobre a súa interpretación, cumprimento, extinción, resolución e efectos serán competentes os Tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

3. A realización das funcións obxecto do convenio non implica a transferencia de medios materiais e persoais, nin comportará contraprestación económica ningunha por parte da Dirección Xeral do Catastro á Deputación, segundo establece o artigo 64.2 do Real decreto 417/2006 e a disposición adicional décima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, por canto permiten mellorar a recadación tributaria das entidades locais que os subscriben.

4.

Sen prexuízo das facultades de organización dos seus propios servizos, a Deputación deberá exercer estas funcións con estrito cumprimento dos extremos expostos neste documento.

DÉCIMO CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL.

1. Constituirase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que, formada por tres membros de cada parte, será presidida polo xerente ou o funcionario en quen delegue. Con independencia das funcións concretas que lle asignen as demais cláusulas deste convenio, resolverá as cuestións que se expoñan canto á súa interpretación e cumprimento, de conformidade co establecido no Real decreto 417/2006, todo iso sen prexuízo da facultade da Dirección Xeral do Catastro de levar a cabo as actuacións de comprobación que se estimen oportunas respecto do exercicio das facultades encomendadas. Así mesmo poderá determinar a relación de expedientes e tarefas propias do presente convenio que vaian ser asumidos puntual e transitoriamente pola xerencia, sempre que as circunstancias o aconsellen.

Especialmente, deberá emitir informe previo sobre as condicións da contratación que poida realizar a Deputación con algunha empresa especializada, de conformidade co sinalado no apartado 1 da cláusula duodécima. Igualmente, informará as distintas ofertas recibidas por aquel, con anterioridade á adxudicación do contrato.

2. A comisión de seguimento, vixilancia e control deberá constituírse formalmente nun prazo máximo dun mes desde a formalización do presente convenio. Esta comisión celebrará cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, logo da convocatoria para o efecto do seu presidente, por propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, esta comisión reunirse ordinariamente unha vez ao ano, co fin de verificar e comprobar o resultado das obrigacións contraídas e de establecer as directrices e instrucións que considere oportunas.

Esta comisión axustará a súa actuación ás disposicións contidas na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO QUINTA. INCLUSIÓN E EXCLUSIÓN DE MUNICIPIOS..

Este convenio será de aplicación aos municipios que se relacionan no anexo I. Para aqueles municipios que con anterioridade á entrada en vigor do presente convenio tivesen subscrito coa Dirección Xeral do Catastro un convenio de colaboración cuxo obxecto principal fose algunha das funcións encomendadas no convenio que agora se formaliza, continuará vixente o convenio entre o respectivo concello e a Dirección Xeral do Catastro e en consecuencia a Deputación só asumirá o exercicio das funcións que non sexan obxecto do convenio subscrito entre este centro directivo e o concello.

Co fin de proceder á actualización automática dos municipios incluídos ou excluídos do ámbito de aplicación do presente convenio, en función de que a xestión tributaria do imposto sobre bens inmoables se atope delegada ou non na Deputación, e de que os concellos delegantes houberen ou non facultado ao ente provincial para formalizar un convenio de colaboración en materia de xestión catastral, determínase o seguinte procedemento:

a) Unha vez que o concello correspondente adopta o acordo plenario de delegación da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da deputación, esta procederá á aceptación da delegación conferida mediante acordo plenario nese sentido, notificándose este último, para o seu coñecemento, á Xerencia a través de copia certificada. Transcorrido un mes desde a notificación da aceptación da delegación, e facultado o ente provincial para a formalización dun convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Administración Xeral do Estado, entenderase que o municipio delegante se atopa incluído no ámbito de aplicación do presente convenio.

b) Cando se produza a denuncia do acordo de delegación da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles, ben polo concello delegante, ben pola deputación, remitirase copia certificada do correspondente acordo plenario á Xerencia, entendéndose que, no prazo dun mes, ese municipio quedará excluído do ámbito de aplicación deste convenio.

Neste caso, os expedientes pendentes de tramitación na data en que deba entenderse producida a exclusión a que se refire o parágrafo anterior continuarán sendo competencia da Deputación ata a súa completa resolución. Por outra banda, os documentos que teñan entrada a partir desta data serán remitidos sen máis trámite á Xerencia.

c) Non obstante o disposto nos apartados anteriores, as partes que subscriben o presente convenio poderán determinar, de mutuo acordo, os supostos nos que, de forma excepcional, non se aplicará o procedemento de actualización automática.

Este acordo deberá adoptarse de forma expresa no prazo dun mes establecido nos apartados a) e b) desta cláusula.

En calquera caso, se con posterioridade á firma deste convenio algún concello incluído no ámbito territorial de aplicación deste subscribe un convenio de colaboración directamente con este centro directivo, a deputación seguirá asumindo o exercicio das funcións que non sexan obxecto dese convenio posterior, se as houbera.

DÉCIMO SEXTA. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA..

1. O presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 66 do Real decreto 417/2006, obrigará ás partes desde o momento da súa firma e estende a súa vixencia inicial ata o de..... de, prorrogándose tacitamente por sucesivos períodos anuais, mentres non sexa denunciado. O presente convenio substitúe ao anterior convenio suscrito o 24 de marzo de 2003, que queda resolto.

2. O cumprimento dos obxectivos contractuais establecidos no presente convenio poderá suspenderse, unha vez sexa eficaz e dentro do prazo de vixencia, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un período non superior a tres meses. O transcurso deste prazo sen que se produza o seu funcionamento, causará a súa resolución automática.

O convenio poderá suspenderse, así mesmo, total ou parcialmente e de mutuo acordo, por un prazo non superior a un ano, cando concorran circunstancias técnicas, orzamentarias ou de calquera outra índole que así o xustifiquen, segundo establece o artigo 66 do Real decreto 417/2006.

3.A denuncia do convenio, segundo establece o artigo 67 do Real decreto 417/2006, poderá formulala calquera das partes, logo da comunicación á outra cunha antelación mínima dun mes, transcorrido este producirase a extinción da relación convencional. No entanto, no caso de que a outra parte manifestase a súa oposición á denuncia, abrirase un período de consultas durante vinte días naturais no que a comisión de seguimento, vixilancia e control procurará o acordo entre as partes. De non producirse este acordo, quedará extinguido o convenio unha vez transcorrido o período de consultas.

4.En caso de producirse a extinción anticipada do convenio, os expedientes en tramitación serán resoltos pola Deputación, salvo que a Xerencia estime conveniente facerse cargo de todos os expedientes pendentes con independencia do estado de tramitación en que se atopen.

CLÁUSULA TRANSITORIA.

Para a execución das tarefas contempladas no presente convenio, a entidade colaboradora deberá empregar as aplicacións, formatos e sistemas de comunicacións que para o efecto establece a Dirección Xeral do Catastro, e acceder a través dos correspondentes programas e liñas de comunicacións, cuxa instalación e mantemento será por conta desta entidade colaboradora.

CLÁUSULA ADICIONAL.

Con carácter complementario ás obrigacións establecidas no presente convenio, a Deputación comprométese a entregarlle á Xerencia, para efectos estatísticos, os datos resultantes da xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles e os establecidos no artigo 69 do Real decreto 417/2006.

Por outra banda, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes deberán facer pública a relación dos convenios subscritos e encomendas de xestión, nos termos e condicións indicados pola lei.

E en proba de conformidade, subscriben o presente convenio en exemplar duplicado no lugar e data anteriormente indicados.

O director xeral do
Catastro

O Presidente da Deputación Provincial da
Coruña

Fernando de Aragón
Amunárriz

....."

2º) No marco do convenio entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial da Coruña de colaboración en materia de xestión catastral que se subscriba, aceptar en réxime de encomenda de xestión:

- exercer as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica relativas a bens inmobles rústicos e urbanos que se formalicen nos modelos aprobados por Orde Ministerial, sempre que a transmisión de dominio non se formalizase en escritura pública ou solicitase a súa inscrición no Rexistro da Propiedade ou, se se formalizou a escritura ou solicitou a inscrición, non se deu cumprimento á obriga establecida no artigo 38 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, así como a tramitación dos expedientes de solicitudes de baixa, establecidos no artigo 15 do mencionado texto legal.
- exercer as funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, que se formalicen nos modelos aprobados por Orde Ministerial e a tramitación dos cambios de titularidade asociados a estas alteracións que se presenten mediante a correspondente declaración.
- realizar actuacións de colaboración na actualización das descripcións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, a condición de que estes inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do convenio.

2º) Facultar o Sr. Presidente da Deputación para a execución do acordo anterior."

29.-APROBAR INICIALMENTE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚM. 14, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar a modificación da ordenanza número 14 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN: modificación e redacción íntegra coa seguinte redacción:

ORDENANZA NÚMERO 14.- REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAZO DE MARIÑÁN

Artigo 1. Concepto

De acordo co disposto no artigo 148 en relación co artigo 41, ambos os dous do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, esta deputación establece o prezo público polos servizos de aloxamento, comedor e cesión do uso de locais para a celebración de asembleas, seminarios, etc., no Pazo de Mariñán, que se rexerá polo que se dispón nesta ordenanza.

Poderán ser usuarios do Pazo de Mariñán as entidades ou persoas cuxas actividades que se han desenvolver no centro, sexan de interese provincial ou de relevancia nos ámbitos da educación, a cultura, o deporte, a filantropía, a promoción social e turística así como a actividade promovida por esta administración.

Artigo 2. Obrigados ao pago.

Estarán obrigadas ao pago dos prezos públicos fixados nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, que soliciten os servizos de aloxamento, comedor e cesión de locais para a celebración de asembleas, seminarios, etc., no Pazo de Mariñán, que depende desta deputación, ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3. Non obrigados ao pago:

Non están suxeitos ao pago destes prezos públicos pola utilización das instalacións os seguintes casos:

1. A celebración de actos institucionais que, ben de oficio ou a proposta doutras administracións públicas, fundacións, asociacións, empresas ou entidades, organice ou presida a Deputación da Coruña.
2. A celebración de actos promovidos polas institucións ou entidades nos que a Deputación da Coruña actúe como anfitrión, sempre que a súa participación institucional leve aparellada a achega de instalacións.
3. Así mesmo, considérase non suxeita a estes prezos públicos a utilización das instalacións mediante actividades desenvolvidas polo Estado, a Xunta de Galicia, as entidades que integran a Administración local da provincia da Coruña, os Organismos autónomos que dependan dos anteriores e outros entes vinculados ou dependentes das citadas entidades locais e as entidades sen ánimo de lucro, que non leven aparellada unha utilidade económica para o seu titular, ou aínda existindo esta utilidade, as actividades solicitadas supoñan condicións ou contraprestacións para os intereses xerais da provincia que anulen ou fagan irrelevante o prezo público.

Cando se trate dunha entidade sen ánimo de lucro deberá estar declarada de interese xeral e de carácter social, o que deberá acreditarse documentalmente. E a actividade que se ha desenvolver non xerará ingresos e no caso de que os xere, estes teñan como destino un proxecto de carácter solidario ou de cooperación.

Artigo 4. Contía:

O prezo público será o fixado nas tarifas que a continuación se detallan, sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

1. Tarifa primeira.- Aloxamento:
 Habitación dobre con almorzo, por persoa e día: 41,45 €
 Habitación dobre uso individual con almorzo ao día: 57,00 €
2. Tarifa segunda.- Manutención:
 Alimentación completa con aloxamento, por persoa e día: 38 €
 Alimentación completa sen aloxamento, por persoa e día: 41,45 €
- 2.1. Servizos soltos:
 Cada almorzo: 3,45 €
 Cada xantar: 20,75 €
 Cada cea: 20,75 €
 Cada café: 1,55 €
- 2.2. Manutención en festivo, sábado ou domingo (grupo de 30 persoas ou máis):
 Alimentación completa con aloxamento, por persoa e día: 46,40 €
 Alimentación completa sen aloxamento, por persoa e día: 50,70 €
- 2.3. Servizos soltos en festivo, sábado ou domingo (grupo de 30 persoas ou máis):
 Cada almorzo: 4,25€
 Cada xantar: 25,35 €
 Cada cea: 25,35 €
3. Tarifa terceira.- Cesión de locais e instalacións:
 A cesión temporal do uso de salas de conferencias, reunións e demais dependencias cuxa utilización se autorice para actos, asembleas, cursos, etc.

SALÓN - AULA	PREZO POR DÍA E LOCAL	
	CON ALOXAMENTO	SEN ALOXAMENTO
Salón de actos capacidade ata 140 persoas	258,85 €	414,15 €
Salón de conferencias capacidade ata 103 persoas	207,10 €	258,85 €
Salón Bodega capacidade ata 35 persoas	162,25 €	207,10 €
Aula 3 capacidade ata 30 persoas	155,30 €	162,25 €
Aula 2 capacidade ata 20 persoas	124,25 €	155,30 €
Sala Martínez Barbeito capacidade ata 15 persoas	93,20 €	124,25 €

Tarifa Cuarta.- Servizos extras:

- a) Alimentación a base de menú especial solicitado polos interesados, conforme o orzamento ofertado polo responsable administrativo do Pazo de Mariñán, co visto e prace da Sección de Relacións Públicas e Protocolo, aprobado pola resolución da presidencia e aceptado polo obrigado ao pago.
- b) Servizos de bar ou cafetería, se os houbese, ao prezo que para os efectos aprobe a Xunta de Goberno.
- c) Nos supostos en que a actividade ou servizo que se ha desenvolver no Pazo de Mariñán, previa autorización, non se atope tarifada na presente ordenanza, delegase na Xunta de Goberno, conforme ao artigo 32 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o establecemento da tarifa a proposta do Servizo Técnico correspondente co informe da Intervención Xeral.

Artigo 5. Obriga do pago

A obriga de pagar nace desde que se inicia a prestación do servizo ou actividade.

Artigo 6. Normas de xestión:

- a) Os interesados, deberán formular a solicitude, conforme ao modelo oficial aprobado.
- b) A solicitude, deberá ser presentada a través do rexistro electrónico da Deputación provincial, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei de procedemento administrativo común e será tramitada e informada pola Sección de Relacións Públicas e Protocolo.
- c) Con carácter previo á resolución da solicitude, poderanse demandar cantos documentos, informes ou aclaracións complementarias sexan precisos para resolver.
- d) Á vista dos documentos e informes que consten no expediente, o Ilmo. Sr. Presidente da Deputación resolverá o que proceda, determinándose a suxeición ou non ao prezo público, e no seu caso, o prezo do menú especial.
- e) Os solicitantes deberán estar ao corrente do pago das débedas contraídas con esta Deputación provincial.
- f) Por causa xustificada de forza maior, a deputación poderá revogar a autorización concedida, no caso de precisar a utilización das dependencias. Tal resolución será motivada e notificada ao interesado cun mes de antelación, polo menos.
- g) A Sección de Relacións Públicas comunicarlle ao responsable administrativo do Pazo de Mariñán e á Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, a resolución pola que se autoriza a utilización do Pazo de Mariñán, indicando expresamente nesta a actividade autorizada, a data, o nome ou razón social e o NIF da persoa física ou xurídica que solicita a utilización do Pazo de Mariñán, e se a entidade autorizada está obrigada ao pago, e no seu caso, o prezo do menú especial.

- h) Finalizada a actividade ou servizo, o responsable administrativo do Pazo de Mariñán comunicará nos catro días seguintes, á Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, os datos necesarios para a práctica da oportuna liquidación.
- i) A Sección I, do Servizo de Xestión Tributaria, realizará a correspondente liquidación e a notificación desta ao interesado.

Artigo 7. Remisión á Ordenanza fiscal xeral.

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na Ordenanza fiscal xeral.

Disposición final:

Tras a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, a presente ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e, conforme co disposto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei.

2. O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establece o artigo 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local .

Unha vez aprobada definitivamente, publicación íntegra do acordo e da modificación da ordenanza número 14 reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán.

3. Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza, e unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo e o texto completo da modificación da ordenanza, transcorrido o prazo previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. Bo día a todos e todas, tamén darlle a benvida ao señor Deputado e desexarlle moita sorte.

A Vía Verde de Santiago de Compostela é un proxecto de grande relevancia para toda a provincia desde o punto de vista turístico, pois recupera para uso ciclista e peonil trinta e sete quilómetros do antigo trazado ferroviario entre Santiago de Compostela e A Coruña. Tras pasar varios anos paralizado, o proxecto recibiu un novo impulso durante o actual mandato por parte da Deputación e dos cinco concellos interesados, entre eles o de Santiago de Compostela. O Concello de Santiago xa entregou o proxecto, falouse de financiamento europeo para catro dos treitos, excepto o de Santiago por ser de máis de 20.000 habitantes, iso faría necesario reformular os custos económicos para o noso Concello.

Polo dito, formúlase a seguinte pregunta: Cales son as previsións que manexa a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento e execución da Vía Verde entre Santiago de Compostela e Cerceda?

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todas e a todos, tamén por suposto darlle a benvida ao noso novo compañeiro.

Máis que previsións, o que si é aclarar un pouco como está a situación, que así posiblemente poida contestar tamén e responder a pregunta. Neste momento hai un proxecto que está feito por Ferrocarrís, e ese proxecto neste momento están consensuando co Ministerio de Agricultura a través de Camiños naturais, para sumarse a este proxecto. Isto vén dado porque se abriu unha nova vía por medio de Camiños naturais para que tamén se involucrase e fíxese que este proxecto fose máis atractivo e ao mesmo tempo, porque non dicilo, tivésemos tamén un maior financiamento, isto significa que tamén por suposto ten que haber un compromiso pola nosa parte, e así tamén llo fixemos saber, e estamos totalmente de acordo que hai unha sinalética, que hai que cumprir con esas características de sinalética, e entón neste momento por un lado, tanto Ferrocarrís como Camiños naturais, dependendo dos dous ministerios correspondentes, están nese aspecto.

E despois por outra banda, hai unha segunda parte que é que a través dos fondos FEDER e a través do IDAE estamos esperando unha resolución que veña de Europa para tamén sumar unha contía económica que esperemos que sexa importante e poida esa contía tamén poder achegar o que despois é a realización da propia senda verde aos concellos que sexan correspondentes, matizando o que acaba de dicir Manolo, de que é certo que iso para os concellos de Santiago neste caso ten unhas características especiais. Pero en calquera caso, para resumir, estamos nesa vía de financiamento e de adaptación do proxecto, que xa está feito por parte de Ferrocarrís e Camiños Naturais, despois farémosllo saber por suposto aos concellos para que fagan as achegas e as aprobacións que consideren oportunas e, por suposto, despois terá que vir á Deputación para aprobación definitiva.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Nós tiñamos unha pregunta en relación con dúas estradas do Concello de Narón, de titularidade da Deputación, a DP 5401, na que no ano 2004 se aprobou un proxecto de mellora da seguridade viaria nesta estrada, coñecida como estrada de San Xiao, aínda que só se executou o último dos treitos, o máis próximo á estrada de

Cedeira. Dez anos despois, en 2014, tanto os veciños como o propio Concello de Narón, pediron á Deputación que redactara un novo proxecto para dotar a estrada dunha senda peonil, para garantir loxicamente a seguridade viaria dos peóns que circulan por esa estrada. A día de hoxe a senda está finalizada, pero nada se sabe do resto das obras actualmente paralizadas. Desde o noso Grupo queremos saber por que ese proxecto de ampliación e mellora da estrada de San Xiado no derradeiro treito está gardado nun caixón sen que ninguén o impulse. O trazado deste vial é sen dúbida perigoso, ten curvas, e polo tanto fai necesaria esa mellora para completar todo o itinerario. Polo tanto, solicitamos saber en que situación está ese proxecto de mellora do derradeiro treito da DP 5401.

E en relación coa DP 5404, a coñecida como estrada do Trece, sinalar que no BOP do 17 de setembro de 2014 se publicou a aprobación técnica do proxecto de ampliación e mellora de trazado desa estrada entre os PK 3,5 e 6,50, no Concello de Narón, dentro daquela da terceira fase do Plan de investimento de vías provinciais do ano 2014. A Deputación e o Concello de Narón asinaron un acordo con data do 11 de decembro de 2014, polo que a Deputación se fixo cargo tanto da ampliación e mellora como da instalación da rede de saneamento, para que ambas actuacións se realizasen conxuntamente para minimizar os custos e poder licitar o proxecto antes de fins de 2015.

Segundo o convenio, os traballos deberían estar finalizados, senón teño mal os datos, o 1 de novembro de 2016, e case dous anos despois, pasados máis de dous anos, aínda non están rematados, e é máis, existen obras que quedaron sen rematar axeitadamente e impedindo o acceso a diferentes vivendas. Polo tanto, dá a sensación de que existe algún tipo de problema, e nós solicitamos saber cales son eses problemas e cal é a previsión da Deputación ao respecto da finalización desa mellora da DP 5404. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos a obter toda a información detallada e transmitirémola nos próximos días.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e dous minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.